



Álvaro Cunqueiro

*Literária*

**OS OUTROS  
FEIRANTES**

Biblioteca Álvaro Cunqueiro



Retratos ao miúdo, coma os que se adoitaban facer nas feiras, *Os outros feirantes* é un libro escrito con maxia verbal e, ao tempo, con autenticidade. No fondo destas páxinas latea o pálpito vivo dunha Galicia chea de humor e enxeño. Retratos que teñen como modelo a xente inventada ou mesmo tirada da realidade do país, ou ambas as cousas á vez.



Álvaro Cunqueiro

# Os outros feirantes

ePub r1.0

Banshee 15.09.17

---

más libros en [epubgratis.org](http://epubgratis.org)

---

Título orixinal: *Os outros feirantes*  
Álvaro Cunqueiro, 1979

Editor dixital: Banshee  
ePub base r1.2

A meus fillos César e Mercedes

## **Limiar**

*Este fato de retratos son continuación de outros que din fai uns anos no meu libro Xente de aquí e de acolá. Decíalle entón, nunha carta ao Dr. García-Sabell que abría o tomo, si podía ser que aquela xentiña fose a un tempo inventada por min, ou tirada da realidade, ou delambas cousas a un tempo. Eu retrataba ao minuto nunha feira, na feira galega, a esta xentiña de nós. Fíxenme tan amigo deles, que me doía deixalos nun caixón da miña mesa. Algún, cando eu o estaba inventando, —ou retratando, ou enxendrando, ou parindo—, tenme feito muita compañía. E a verdade é que cando van saír do meu faiado para un libro, a miña casa aparéceme como valeira. Como si toda a miña familia máis querida se tivese disolto no áer nun accidente imprevisto.*

## O cabalo de Alberte Merlo

Unha tardiña de verán, Alberte Merlo deulle ao seu cabalo unha merenda de herba fresca, e despois sentouse no cepo de partir a leña a ler o xornal. O cabalo merendou, e pasou a súa cabeza por derriba do hombreiro dereito do amo, e con voz humana preguntoulle:

—¿Como vai o mundo?

Este foi o comezo das longas conversas que durante varios meses mantiveron Alberte e o seu cabalo. Falaban, según Alberte, de política, das contribucións, de como foran os precios na derradeira feira de Noia, e de bodas e de difuntos. Un día o cabalo díxolle a Alberte que non lle non gustaba que lle chamasen Moro, e que millor sería que lle buscasse un nome máis decente, aínda que fose francés. Alberte consultou cun mestre de Muros, mui amigo de seu, e este díxolle que lle chamase ao seu Moro simplemente como lle chaman aos cabalos en Francia. Que lle chamase Cheval. Ao cabalo pareceulle ben, aínda que murmuraba que quizaves ao nome deberan seguir dous apelidos. Por consello do cabalo, Alberte foille decindo aos veciños que o seu cruzado de percherón e mourisco, xa non se chamaba Moro senón Cheval, e que fixesen o favor de tomar nota do cambio. A todos os efectos, decía Cheval.

Pasando os meses, Cheval íbase amosando mui vivo de xenio, celábase de que Alberte falase coa xente sin estar el diante, de que lle asubiase ao can Tirol, e de que lese o xornal en voz alta á muller, que non sabía ler.

—¡Dabondo fas con durmir con ela!, comentaba Cheval disgustado.

Iba cumprirse un ano dende a primeira conversa de Alberte co seu cabalo, cando un mediodía, regresando os dous amigos do muíño, carregada a besta con dous sacos de fariña e outro de farelo, Cheval parouse na ponte, e díxolle a Alberte con voz grave:

—Vai facer un ano que nos falamos, e si queres que sigamos comentando o mundo, tes que prometerme que de agora en diante soio vas falar comigo. ¡Despois de todo son o único cabalo da provincia que fala co amo! E no me fío da túa palabra, que máis dunha vez xa che escoitei contar algunha mentira. Tes que facer un documento. ¡Si nono fas, calo para sempre!

A Alberte non lle non parecía nada doado o consultar este asunto cun abogado. O abogado seguro que o tamaba por tolo si entraba no seu despacho explicándolle que falaba co seu cabalo Cheval, e que este quería un escrito no que Alberte declarase que soio falaría con el, e que se entendese por señas co resto dos galegos. Foi Alberte a Muros visitar ao seu amigo o mestre. Este díxolle que escribira calquer cousa nun papel de barba, que era seguro que Cheval non sabía ler.

—¿Quen sabe que non sabe ler?, insistía Alberte.

O mestre, en papel selado de tres pesetas, escribiu unha declaración xurada na que Alberte se comprometía a non falar coa xente si non era con permiso do seu cabalo Cheval, denantes conocido por Moro... Firmou e ribricou Alberte Merlo... Cando chegou á casa co documento e llo amosou ao cabalo, este fixo que llo lera por dúas veces.

—¡Mui ben! ¡Agora tes que levalo ao Rexistro!

Alberte quedouse coa boca aberta mirando para Cheval.

—¡Ao Rexistro! ¡Conozo o procedemento! Lémbtrate que denantes de ser o teu cabalo fun o cabalo do procurador Abeledo.

Un procurador famoso, do que se decía que tiña na memoria o Código das Argalladas... Alberte anda agora coa declaración xurada na man, sube e baixa polos camiños, séntase nese chanto ou arrímase a aquel carballo, pensando sempre no choio, sin saber que facer, si ir ao Rexistro de Noia ou non... E mentras, o cabalo non lle fala e olla para el de esguello.



## O enano das burlas

Un tal Serxio de Muimenta, que deica entón falara ben e seguido, sin prender en consonante algunha, púxose a tatear. Prendía especialmente nos emes e nos tes. A cousa foi que pasando polo camiño de Camba, veu, sentado nunha pena, a un tipo pequeno, envolveito nunha capa marela. Era o enano do tesouro.

—¡Bo... Bo... Boas ta... ta... tardes!, dixo o enano.

E Serxio ao responderlle non tivo máis remedio que tatear coma el:

—¡Bo... bo... boas ta... ta... tardes!

E así foi a pasar a parlante tateo. A muller de Serxio, que prendía algo nos pes, coidaba que o home tateaba por amolala. Pro a verdade era que Serxio era un tateo cabal, e cada vez tateaba máis.

Sabíase que nas penas de Camba, legua máis ou menos ao norde, había un tesouro de mouro, e que o gardaba aquel enano da capa marela. Serxio decía que o enano non tiña porque facerlle a el aquela cabronada, pois era dos poucos veciños de Muimenta que nunca andivera, nin de neno nin de home, á busca do tesouro.

Na veciña aldea de Corbelle había un veciño que era tateo de nacemento, e conforme foi medrando e facéndose mozo, fíxose irado e alporizábase por nada, e andaba o máis do tempo soio, cuspiendo a dereita e esquerda. O que máis o amolaba era o non poder parrafear coas mozas, que se rían do tateo. Preparaba unha declaración de amor a Pepiña do Forno, pro nunca chegaba a soltala, que soio en dicir a primeira verba tardaba cinco minutos longos. Chamábase Antolín Pardeiro. Cando se correu pola comarca que Serxio de Muimenta pasara a tateo, unha menciñeira do país, que tiña a ciencia do sinapismo, —que lla ensiñaran na botica de Labarta, en Guitiriz—, foi a velo, a enterarse de como fora o choio, e despois foi á casa dos Pardeiro de Corbelle para ofreserse a tratar a Antolín.

—¡Co... co... co... mo nnn... non mememe pppo... po... ñas uuun ssi... ssi... napismo nmno cu!, dixo Antolín.

Pro a tesis da menciñeira, a señora Jovita de Andrés, era que o enano do tesouro, que xa estaría

canso de estar gardando aquelas prendas nas penas de Camba, gastoulle unha broma ao Serxio volvéndoo tatexo, e que pola mesma razón seguro que lle gustaría gastarlle outra a Antolín, neste caso poñéndoo na fala de corrido. Decidiron os Pardeiro que non se perdía ren con que Antolín fose pasar uns días ao monte, paseando por entre as penas do Camba, merendando nelas, para o cal iba provisto de pan, xamón, queixo, uns chourizos, ovos cocidos e unha bota chea de viño de Chantada. Xa levaba tres días Antolín no monte, e foran días de brétema e choviñadas, cando amenceu con sol, o ceo limpo, o enano tendendo, para que lle sequese, despois das humidades pasadas, a capa marela. Seguindo os consellos da señorita Jovita, Antolín saudou ao enano, que estaba ollando para el.

—!Bu... bu... bu... buenos di... di...!

Non puido chegar a decir días. O enano ríase respondéndolle:

—¡Buenos días!

Antolín sorprendeuse a si mesmo respondendo á súa vez:

—¡Buenos días!

E naquel instante mesmo deixou de ser tatexo. Enchéronselle os ollos de bágoas, e vai e ofreceulle ao enano do tesouro o chourizo que tiña na man e o viño que aínda quedaba na bota. Regresou cantando a Corbelle, e aquela mesma serán saíu a ver si atopaba a Pepita do Forno. O señor cura, don Roxelio, foi chamado a opinar.

—¡Similia sinilibus curantur!, dixo en latín. E engadiu:

—¡Ese enano o que é, é un coñón!

## O verdugo na Cañiza

Esto pasou hai moitos anos, quizaves cen, ou máis. Chegou á Cañiza un verdugo que tiña que aforcar a un condenado a morte, e non atopou na vila quen lle dese cama, e tivo que ir durmir á veciña Lamosa. Ao aforcamento asistiu moita xente, e entre ela un tal Agustín, que non sei si era de Melón ou de Quines, ou si de Covelo ou de Ribadavia, o cal quedou prendado da arte do verdugo, e de como saudaba á asistencia, e seguiulle os pasos, escoitando como falaba co elemento oficial e cos gardas civís, e polo acento e a parla era notoriamente andaluz. Mui saudador e pouco saudado, pasou ao Xuzgado a botar unhas firmas, e leváronlle alí pan e xamón e unha botella de tinto, e mentras repoñía forzas, contou de un que axusticiara en Salamanca, que era zamorano, ao cal o crego que lle recomendaba a alma ofrecera un vaso de viño, que o zamorano rexeitou decindo que era branco, e que por eso nono bebía, que a non tardar unha hora íballe dar ordor de estómago. En troques, o tinto acaíalle moi ben. Pro xa non había tempo de ir buscalo. Os presentes no salón do Xuzgado apenas riron o conto, quizaves porque viñan de ver aforcar a un home, pero riu a súa historia o propio verdugo, e tamén o paisano noso, ese tal Agustín, quen conseguira meterse deica onde o verdugo repostaba. O verdugo foise soio co seu maletín a agardar a dilixencia que había de levalo a Pontevedra. A xente apartábase ao seu paso.

Agustín achegouse ao verdugo, e abriu o paraugas para cubri-lo, que comezaba a chover, e mentras camiñaban iba preguntándolle si se tardaba moito en aprender o seu oficio, si a paga era boa, si había que viaxar moito, e como Agustín era solteiro, non deixou de preguntar si unha muller que tiña un pretendente e chegaba a saber que este era verdugo, si o deixaba ou seguía con el. O verdugo contestáballe a Agustín que el era un funcionario do Estado como outro calquera, e que non apestaba, aínda que coidasen o contrario os ignorantes da Cañiza. Que era moi estimado polas súas amizades de Valladolid, como antes o fora en Zaragoza, e que tamén era un científico, porque propuxera ao goberno de Isabel II unha máquina portátil máis perfecta que a guillotina, á que chamaba, en honor da raíña, “la isabelita”. Agustín non sabía o que era a guillotina, que nunca escoitara falar dela. O verdugo explicoulla, e logo a súa invención, insistindo en que era indolora para o penado. E que no que tocaba a mulleres, que el estaba casado cunha

de Cariñena, cujos pais collían algo de viño, e que se poñía mui tenre con el cando voltaba dunha viaxe profesional. O que menos lle gustaba ao verdugo era a forza, aínda que seguira de moda en Inglaterra, cousa primitiva que pedía pouca habilidade mecánica, aínda que el lograra un nó corredizo propio, que no ministerio de Gracia e Xusticia nono aceptaron, porque en España nunca se premia o mérito verdadeiro.

—Un nó así, dixo.

E sacándose a bufanda, pasoulla a Agustín polo pescozo, o cal coidou que naquel mesmo momento iba ser morto, pois o sangue do corpo partíuselle en dous, un frío que lle rubía deica a cachola, namentras outro frío, xeado, lle baixaba aos rins. Desmaiouse. Cando volveu en si, estaba sentado no chan, derriba do paraugas aberto, e tiña arredor do pescozo aquela mancha roxa, do grosor dun adibal, que lle durou toda a vida.

—Salveime de miragre, comentaba.

## Xosé Liñeiras

Este Xosé naceu con seis dedos na man dereita e outros seis no pé esquerdo. Era conocido na súa aldea por Pepiño Seisdedos, aínda que el sostiña que, en puridade, debían chamarlle Pepiño Vintedous dedos. Unha tía súa que vivía na Habana veu pasar unha tempada a Galicia e contoulle a Pepiño que ela escoitáralle a súa nai que seu pai e seu avó, —é decir, o bisavó e mailo trisavó de Pepiño—, xa tiveran seis dedos cadaquen na súa man dereita. O dos seis dedos era, pois, herdanza familiar, e Pepiño, que acababa de casarse con unha guapa moza de Xuanceda, e celebrada a boda por todo o alto en Ordes, —a primeira boda de por alí na que houbo xeados de chocolate de postre, por consello da tía habanera—, xa estaba pensando en fillos con seis dedos, e en chegar a un neto coa mesma novidade. Con esto de que os seis dedos herdábanse, Pepiño xa non se non avergoñaba dos seus, ensiñábaos a propios e extraños e si algún interlocutor amosaba curiosidade, Pepiño descalzábbase e amosaba os seis díxitos do pe esquerdo. Mercara na Cruña, nun comercio da rúa de San Andrés, seis pares de calcetíns mui floreados e calados, e eran os que calzaba cando sospeitaba que iba ter que pór de amosa o pe esquerdo. Sempre andaba co pe mui lavado, e ademais con moito po de talco aromatizado á lavanda.

Pepiño Liñeiras iba muito a feiras e mercados, dende Arzúa a Ordes e dende Vilar de Frades ao Mesón do Vento, e aínda se achegaba algún mes a Ponte Sigüeiro e algún xoves a Santiago, e buscaba conversa con outros feirantes, procurando averiguar si conocían a alguén que tivese seis dedos nunha man ou nun pe. Non aparecía ninguén con esta chata. Pro un día deu Pepiño en Arzúa cun tratante de Dacón, que andaban aos xamóns, quen lle contou que en Bande mercara un bon xamón dun porco que tiña a parte dianteira da unlla normal, pro que atrás abría en catro unllas, e que nunca vira el outro porco do que se puidese decir, dispensando Pepiño e fora a alma, que era un seis dedos. Pepiño dixo que lle gustaría ver o tal xamón, e en canto llo poría o tratante, pro o de Dacón explicoulle que llo vendera a un veterinario de Ourense, o cal primeiro estudouno e despois comeuno, convidando a outros veterinarios.

Pepiño explicoulle ao tratante que si el buscaba xente con seis dedos era porque estimaba que todos os seis dedos do mundo eran parentes de seu, que debían vir dun avó común, quizaves de denantes dos

mouros, e conocer un seis dedos sería conocer un primo ou un sobriño. E que todos os seis dedos, polo menos os galegos, debían xuntarse unha vez ao ano, e tratar de casarse entre si, que habería mulleres de seis dedos, ou casar o fillo dun seis dedos cunha filla doutro seis dedos, e ao millor os seis dedos chegaban a impoñerse ás outras xentes. Pro o caso do porco de Bande caía fora da súa curiosidade. Inclusive lle disgustaba o asunto. Aínda que, eso si, en feiras e mercados non deixaba de botar unha ollada ás patas dos porcos, por ver si tiñan a unllada regular. A meirande satisfacción que tivo Liñeiras na súa vida foi saber que un senador de Minnesota nos Estados Unidos, tiña seis dedos na man esquerda. Falaba de el e decía:

—Ese parente de meu, que saíu senador nas Américas...

## Marcelino Pardo

De neno, aos catro ou cinco anos da súa idade, a Marcelino comezou a visitalo ese animal invisible da fauna galega que se chama o gatipedro, e con estas visitas resultou que Marcelino mexouse na cama hastra que chegou aos doce anos. Xa contei noutro libro meu que o gatipedro é como un gato gordo que non tivese patas traseiras, e que no medio da cabeza ten un corno colorado.

O gatipedro arrástrase deica a habitación onde durme un neno, e comeza a verquer auga polo corno, que gotea no chan. O neno, en soños, escoita aquela pingada seguida, que o convida a mexar, e cáseque o obriga a elo. Eso, repito, pasáballe ao Marcelino Pardo. O pai pegáballe, a nai desesperaba, os irmáns bulrábanse del, o mesmo que os compañeiros de escola, aos que chegara non se sabe como a nova das humidades nocturnas de Marcelino. Un médico de Betanzos díxolle aos pais que aquilo era doencia e recetou unhas pastillas que non surtiron efecto algún. Marcelino bebeu auga de ortigas e puxéronlle na barriga cataplasmas quentes de ovo e tila. Nada serviu de nada. Pro un menciñeiro de perto de Pontedeume acertou que quizaves se tratase do gatipedro.

—Agora, dixo o menciñeiro, non acostuma andar polo país. A verdade é que dende a epidemia de gripe do ano dezaeito case ninguén o sentiu, e aínda que oubera mortandade entre eles, que tamén houbo coellos que morreron do gripe, algún debeu quedar escondido nalgún lugar acasurado.

O menciñeiro explicou como era o gatipedro, e como para andar, ademais de nas súas patas dianteiras apoiábase na lingua, que tiña enorme, como de vaca, pro moura e con dúas pontas. Pra botalo da casa na que moraba abondaba con sementar de sal gorda a entrada á habitación onde durmía Marcelino. O gatipedro non aguantaba o amargue do sal, e vendo, asemade, que tiña sido descuberto, íbase coa música, coa música do pingueo do corno, a outra parte. Non facía falla velo marchar.

Xa con este diagnóstico, os pais de Marcelino botaron sal polo corredor e pola habitación de Marcelino, e por debaixo mesmo da cama onde durmía o rapaz. E foi un trunfo, que aquela mesma noite, dende que tiña catro anos, Marcelino non se mexou na cama, e non volveu facelo nunca máis. Cando lle chegou a de ir ao servizo militar, que lle tocara Farnesio de Valladolid, por si había gatipedro nas

Castelas, a nai púxolle catro libras de sal na maleta, para que, chegado o caso, as vertese disimuladamente arredor do catre. Pro non fixo falla usar o remedio, que ou en Valladolid non había gatipetro, ou estaba ocupado co fillo dun sarxento ou do cabo furriel.

Cos anos, Marecelino chegou a crer que tiña visto a gatipetro saír da súa casa e fuxir pola bouza, e cada vez, na descripción que facía aos fillos e aos netos, o gato era máis grande, a lingua tiña case unha vara de ancho, e o corno daba auga como unha boa fonte no mes de marzal, que é cando as fontes abren, tras os diluvios do inverno.



## A tía Remedios

Dos sobriños que se quedaran a vivir en Portonovo, ningún conocera á tía Remedios, que se foi coa súa nai ao Brasil cando tiña catorce anos. De cando en vez a tía Remedios mandaba algún diñeiro, recomendando que o máis del o gastasen en amañar a casa e mercar millores vacas. Tamén mandaba roupas para as sobriñas, uns traxes de falda longa e plisada, moi bordados, dunha moda tan pasada, que a modista volvíase tola para acordalos coa moda nova dos figuríns, e co que as sobriñas procuraban ver co que se levaba, cando viaxaban a Pontevedra. Unha vez, a tía Remedios mandou por un de Pontecaldelas un reló de ouro para o sobriño máis vello, e un fonógrafo que deu que pasar na Aduana de Vigo. O fonógrafo era de grande buguina, como os dos anuncios de “La Voz de Su Amo”. Pouco despois de mandar o fonógrafo e uns diñeiros para que mercasen unha mecedora para as sextas, anunciou que chegaría para a Peregrina. E chegou. Pasara corenta anos de doncela de guardarroupa, primeiro, e de asistente de chaveiro o resto da súa estadía no Brasil, na casa dunha condessa que somentes saía á rúa en berlina de cabalos, levando a carón da porta dereita un lanceiro montado, con casaca verde e casco con plumas. Vivía nun pazo que está a dez leguas de Río de Janeiro, no medio dun campo rodeado de palmeiras. Cando se finou a condessa desfíxose a casa, e así a tía Remedios puido voltar a Portonovo. Era unha muller muida, mui morena, falando un mui gracioso brasileiro, e por disposición testamentaria da condessa, obrigada o resto da súa vida a vestir de batista rosada con adorno de encaixes negros. Recollía o pelo nun grande moño. Traguía no equipaxe, herdo da condessa, un can, o canciño Napoleón. Era un lanudo branco, pequeniño, de carta e media de longo, o fuciño azul e os ollos dourados. Vaia, o ollo esquerdo dourado, redondo como unha moeda de ouro cortada pola raia negra da pupila, e o dereito tíña postizo, que o perdera nun accidente, e no seu lugar puxéranlle un axóuxere. Un axóuxere de ouro. O canciño despertaba sudando, ollaba por onde andaría a condessa, e entón, ao mover a cabeza, o axóuxere cantaba. A condessa, entón, mandaba que lavasen a Napoleón.

Cando chegou a tía Remedios, toda a vecindade acudiu a admirar o canciño. Este miraba co seu único ollo aos presentes, erguendo despacio e con moito cuidado a cabeciña, e era certo o que decía a tía

Remedios, que buscaba, cando había visita, que non sonase o axóuxere do ollo dereito. Estaba educado neso, para non avisar en balde á señora condesa. Nembargantes, agora, en Portonovo, algunha que outra vez erguía a cachola, inquedo, e dáballe tres ou catro sacudidas. O axóuxere sonaba, e entón a tía Remedios acudía a alumiñalo, dáballe unha galleta, e recomendáballe calma. O canciño deixábase sosegar, e volvía á súa inacabable sesta, pasando a lingua roxa polo fuciño azul celeste. A tía Remedios explicaba entón aos sobriños:

—¡Está vendo á difundiña nos xardíns do outro mundo!

E entón Napoleón, que parecía dormido de todo, pro que estaba escoitando á tía Remedios, daba dous sies seguidos co axóuxere de ouro, confirmando o que decía a antiga asistente de chaveiro da señora condesa de Itaquimí, que santa groria haxa.

## Unha siria en Ribadeo

Un día, xa fai anos, volvendo eu de Mondoñedo a Vigo, parei nun forno a mercar unha fogaza de pan de acolá, atopeime alí con Carlos Pillado, un compañeiro meu de escola, máis conocido naquela bisbarra por Carlos do Herdeiro. O Carliños sempre confiara muito nos meus saberes. Sendo como era Carlos mui curioso da poboación do mundo, acostumaba a interrogarme cando me atopaba:

—¿El como son os polacos? ¿Que xentes hai no Canadá?

Eu respondíalle inventando, por exemplo, os costumes dos polacos.

—O que máis lles gusta aos polacos é o sentarse a carón dun lume, descalzarse, e limpase os pes con cinza, especialmente polos entrededos. Fano así aínda que haxa visita de cumprido, e non beben deica non finaren con esta limpeza.

¡Vaia cos polacos! Tamén me preguntaba meu amigo si eu sabía algunha palabra chinesa, quen inventou as señas da brisca, e quen sería o primeiro de Lugo que viaxou á Arxentina, cousa que o preocupaba muito. Un día sorprendeume preguntándome algo dos búlgaros, e eu conteille aquela historia de Enver Pachá, o xeneralísimo dos turcos nos Dardanelos, cando lle levaron un prisioneiro, que estaba terque en que era turco, pro o Enver Pachá que era búlgaro e espía. Pra saír de dúbidas, o xeneralísimo mandou que o botasen á caldeira do barco, un monitor, no que tiña o seu Carto Xeral. Enver Pachá arrimouse á porta da caldeira, e púxose a escoitar. Ao pouco, sorrindo, volveuse aos oficiais presentes e comentou:

—Tiña eu razón. Era búlgaro, que lle estoupou a cabeza.

Que esto era, ao parecer, característica dos búlgaros.

Un día atopoume nun café, en Lugo, e levoume aparte. En voz baixa, porque ninguén ouvise e eu non desmerecese, díxome que estaba equivocado no que respecta aos sirios. Parece ser que eu lle contara un día, alá polos anos trinta, que os sirios eran todos cativechos, casi enanos os máis, e a maioría de oficio xardiñeiros, e cando querían saír do seu país sin pasaporte, disfrazábanse de paxaros. Vaia, de milanos ou de boutres, e algún era tan pequeno que saía de corvo. Carlos do Herdeiro contábame agora que el

vira unha siria de corpo enteiro, alta, branca, peitugona. Un de perto de Ribadeo, que estaba empregado en Buenos Aires nunha casa de empeños, casou alí cunha siria cristiana, e tróuxoa a conocer Galicia. Carlos enterouse do asunto nunha feira da Veiga, e sabendo que o matrimonio galego-siriaco estaba almorzando nun restaurante de Ribadeo non resistiu a tentación de ir ver como era a levantina.

—Estaba tomando piña de postre, e ao rematar limpouse moi ben coa servilleta. Ergueuse ollando para min. Era alta, a perna longa, muito peito e o pelo mouro. O camareiro preguntoulle si xantara ben e ela dixo, con acento arxentino, e voz máis ben ronca, quizaves por un catarro fortuito, que todo estaba mui sabroso.

Carlos quedouse pensativo cando eu lle asegurei que na Arxentina, o sirio medra moito, case como un alemán, e tamén que siria que casa con galego medra arredor de dous pes nos primeiros anos de matrimonio. E que é soio por esto polo que as sirias buscan galegos con quen casarse, e que cando medraron o que lles forza a semente do galego, van e divórcianse, entón casan con outro máis do seu gosto. Por exemplo cun italiano, que lles dá áer co sombreiro novo. E Carlos do Herdeiro non sabía si dar-me creto ou non.

## Louro de Parentes

Louro fixera o servizo militar en Tetuán, en anos de guerra, e fora ferido nunha posición que chaman o Fondak de Ain Yedida, o que quere dicir a Pousada da Fonte Fría.

—Non había nin pousada nin fonte, comentaba.

Da ferida ficou un pouco coxo. No hospital fixo amizade cun mouro amigo, quen tiña debaixo da almofada un libro arábigo que trataba de tesouros e de como atopalos. Cáseque todos os tesouros estaban arredor de Fez. Según Louro, o primeiro que fai un mouro si atopa un tesouro, é levarse ben, e logo lava o tesouro. Así que remata estes lavados preguntalle ao tesouro como se chama, e si este lle contesta, entón o mouro vai e di canto lle parece que pesa o tesouro. Si o mouro acerta, entón o tesouro non ten máis remedio que seguir ao acertante. Segue como un can ao atopador.

—¡Muito me gustaría ver un can feito de moedas de ouro seguir a un mouro, meneando o rabo!, decíalle eu ao Louro.

A Louro de Parentes tamén lle gustaría. Valeiraba o seu vaso de ribeiro, sentado á mesa na taberna, ollaba para min e sorría:

—¡Un can de ouro!, repetía, admirado.

Louro sostiña que os mouros estaban pobres porque deixaran os seus cartos e xoias escusados en Galicia, como se sabe polo Ciprianillo. Louro sospeitaba que a propiedade en Galicia estaba mal garantizada, e que en calisquer momento podía chegar un mouro no tren correo de Madrid, apearese en Monforte e ir sin xiquer merendar á busca dun abogado, cun feixe de papeis sobre o brazo, para facerse con fincas que foran do seus avós.

—Xa non habería maneira de identificar as fincas, decíalle eu.

—Menos mal que os abogados cristianos inventaron a prescripción, contestábame Louro. ¡Debían dar leccións dela nas escolas!

Nos derradeiros anos da súa vida, Louro andaba, coxeando, polos montes, e en toda pena, como si o escoitase un tesouro escondido, séculos hai, polos mouros, poñíase a berrar:

—¡Non te movas, que te lavo! ¡Pesas sesenta e sete libras galegas!

Non se atrevía a decir o peso en kilos, porque os mouros non teñen aínda o sistema métrico decimal, e máis por astuto, que a libra galega non pesa o mesmo en Meira que en Ribadavia, e así había un certo marxe de onzas... Pro nunca das penas do monte lle saíu resposta algunha. Decíase Louro que quizaves porque el non era mouro. Un día preguntoulle a un cabo da Garda Civil do posto de Lalín, que estivera en Ceuta, que era o que tiña un que facer si quería pasarse a Mahoma. O de circuncidarse, que lle explicara o cabo, non lle facía gracia ningunha. Con todo, deica poucos días denantes de morrer, seguía coxeando polos montes, berrándolles aos tesouros posibles que se deixasen lavar. Levaba xa na cama, sin conocimiento, perto dun mes, cando saíu daquel soponcio, e cunha voz que xa non era deste mundo dixo:

—¡Déixame lavarte, home, que me morro!

E morreu, sin que ningún tesouro se deixase lavar por el.

## Amadeo de Sabres

Saía da súa casa Amadeo de Sabres para a feira de Negreira, e ao poñer pe no camiño decatouse de que esquencera o paraugas, que o tiña colgado trala porta. Amadeo tiña dous paraugas, un novo, mercado en Santiago, nunha tenda do Preguntoiro, que soio o sacaba cando non chovía, ou para ir a consulta de médico ou de abogado, e outro vello, que era o que agora esquencia, e era o propio para cobrerse nos días de choiva. Descolgou Amadeo o paraugas vello, e vai este e asubiou. Dixo:

—¡Coidaba que me esquencías, home!

Ou algo parecido. Amadeo non lle dou importancia ao asubío do paraugas vello, e púxose sin máis camiño da feira de Negreira. Pro aquel asubío do paraugas foi o anuncio de outros asubíos do propio paraugas, e de outros obxectos propiedade de Amadeo. Por exemplo, estaba sentado aos pes da cama debidando si calzar os zapatóns de goma ou os zocos, cando estes asubiaron. Decían algo así:

—¡A ver si nos dás gastados, Amadeo!

Porque Amadeo levaba algún tempo preferindo os zapatóns de sola de goma aos zocos. Sentado á mesa, decidindo si sería mellor comer os callos con culler ou con tenedor, – esto era nunha taberna santiaguesa, na rúa do Franco –, a culler asubioulle a Amadeo, e este interpretou:

—¡Con cuchara, máis se acapara!

A culler falaba en castelán e en verso.

Chegou o día no que Amadeo non podía tomar libremente unha decisión calisquer, que todas as cousas lle asubiaban; asubiáballe unha silla decíndolle que se sentese noutra parte, e o reló de pulseira que non quería que mirase nel tantas veces que hora era, e un día asubiáronlle os rins e outro o estómago, pedíndolle arroz con leite. E miren que casualidade, que a víspera dixéralle Amadeo á muller cando iban para a cama:

—¡Muito tempo fai que non me dás arroz con leite!

Asubiábanlle a Amadeo os caixóns da mesa, que os abrise con máis coidado, e a navalla, que quería ser afiada. Amadeo non daba atendido a tanto asubío. Hasta un día o orinal despertouno ás tres da mañán:

—¿Seica pensas amolarme mexando a deshora?

Amadeo matinaba en ir ao médico para que lle recetase algo que non lle deixase ouvir asubiar ás cousas, pro coidou que millor sería darlle algo ás cousas para que deixasen de asubiar. Pro non iba levar ao médico o paraugas vello, o estómago, as culleres, as sillas, os caixóns da mesa, os zocos... Agora, tamén si, comezaban a asubiarlle as personas, cando estaba de costas a elas, a súa muller, o seu curmán Venancio. Aínda iban os asubíos a peor. Estaba falando cun amigo, e por debaixo das palabras da conversa viña suave, suave, un asubío... Decidiu taponarse os ouvidos, e que quen quixese falar con el que o fixese por señas. Pro sucedeu entón que quen asubiaba era el, Amadeo, dentro de el mesmo. Sentía o asubío paseando pola cachola:

—¿Onde deixaría a boina?

E así que daba co asubío que preguntaba pola boina, víñalle seguido outro, que era a resposta da boina:

—¡Estou derriba da comoda!

Púxose coma tolo. Dáballe ás sillas, tirou o paraugas ao río, cuspiá nos caixóns da mesa, botou os zocos no pozo, e a navalla, e todas as culleres que había na cociña. E así que se calmaba algo, poñíase a asubiar por dentro, ordenándose a si mesmo:

—¡Silencio, Amadeo! ¡Caladiño, home! ¡Silencio!

Pro todo non lle servía de nada. Tiveron que levalo a descansar unha tempada a Conxo.



## Penedo de Silvosa

Xosé Pillado Cruces, conocido por Penedo de Silvosa, contaba moitas historias na taberna de Silleda a onde iba botar a partida. De grande parte delas fora testigo, en Barbastro, onde cumprira o servicio militar, ou en Zaragoza, onde rematou os estudos de xastre cun xorobeta mui famoso na arte do chaqué. ¡Lástima que en Silleda non se levase o chaqué nas bodas, que Penedo collera mui ben a ciencia do corte das faldas! Cando Penedo chegou a Barbastro, andaba a poboación revolta, que nos montes veciños vírase unha besta que era como un oso, pro tiña cornos. Unha besta moi corredora. En anoitecendo as xentes non querían saír das casas, porque se propalara que aquela besta fixera en Francia varias mortes, e comido á muller dun xendarme, cando este lle levaba ao marido a cea ao posto fronteirizo que gardaba. Penedo foi un dos voluntarios do batallón de Cazadores que saíu ao monte á busca e captura da besta, da cal un brigada andaluz decía que non viña nos libros. Nunha semán de monte non deron coa besta, pro unha Xunta de Damas que había en Barbastro, deulles aos cazadores voluntarios unha merenda. Penedo, coas copiñas de viño doce, animouse, e foi arrimando a perna súa esquerda á dereita da dama que se sentaba a seu carón. Esta, que tamén bebera as súas copas, deixábase querer. Era unha cincuenta mui pomposa, a cal, palmeando a Penedo nos xoellos, decíalle cáseque ao ouvido:

—¡Se ve que eres un valiente!

A cousa parece ser que non pasou a maiores, aínda que Penedo, contando o caso, lle chiscase o ollo aos contertulios. Tamén contaba Penedo que en Zaragoza fixéralle á muller dun concellal os primeiros pantalóns que unha muller usou na capital maña pola rúa. Unha muller decente, enténdase. Penedo tomáralle as medidas con muita delicadeza, que hai que ser mui mirado en xastrería coas mulleres, por decoro do oficio, e máis aínda coas aragonesas, que son de xenio súpeto. Penedo, despois de pensalo un pouco, colleu a cinta métrica cunhas pinzas de tender a roupa, e así non achegaba os dedos á cadeira da señora, nin ao muslo, nin xiquer ao calcañar, tomando o ancho dos baixos da prenda. O xastre co que traballaba, felicítouno:

—¡No sabía que fuerais tan finos los gallegos!

Estando en Zaragoza, outro cortador do taller, chamado Juvenal, convidouno na súa casa a unha sesión de espiritismo. Daquela houbera un crime en Huesca, por ciumes, e todos querían falar coa morta, que era a muller dun violinista. Este tiña coartada, e decíase que o matador fora outro amante segredo. E era por este por quen lle querían preguntar á difunta. Por fin, alá ás once horas da noite, falou a viuda. E según interpretou Juvenal, dixo mui claramente:

—¡Que me mata el gallego!

—Todos miraron para min, contaba Penedo, pro eu podía probar que o día do crime estaba en Zaragoza rematando a toda presa un chaqué para un notario de Calatayud que se casaba ao día seguinte. Logo sópouse que o criminal fora un chulo chamado Fortunato Gallego Juncal, que tiña por oficio pintar baturros nas botas de viño que se vendían aos turistas, cheas de viño de Cariñena.

Penedo sacaba a gorra, rascábase a cabeza, e comentaba:

—¡Sae un da súa casiña e volve ou non volve!

## Freire de Rego

Muitos anos hai, alá polos vinte deste século, foi a cotío pola botica de meu pai un tal Freire de Rego, Benigno Freire, un menciñeiro que todo o curaba con auga, guiándose asemade pola lúa e mailas estrelas. Freire usaba muita auga de alba, –auga que collía ao mencer en fontes que soio el sabía–, e tíñase por mui científico desde que un médico de Lugo o agasallara cun recorte do “Progreso” no que falaba do descubrimento dun alemán sobre o poder desinfectante da auga. Pro, tamén, Freire pasaba por máxico. Contaban del, por exemplo, que cando estaba curando a un doente, e estando delambos metidos no río Masma deica os xoenllos, Freire encendía unha vela debaixo das augas, e a vela estaba acesa namentras Freire lle falaba en verso. Si a cousa era certa, era un gran prodixio, e conviría saber o que Freire lle decía á vela. E si había truco, ¿de onde o sacaría o Freire de Rego?

Freire era pequeno, carirredondo e mui colorado, e tiña o pelo roxo. Isto foi un impedimento para el no exercicio da súa profesión. Que algúns doentes que iban a velo, atraguidos pola súa sona, ao ollarlle na cachola aquela espesa fraga roxa, daban volta. Que por aquela bisbarra desconfiase muito dos pelirrojos. Freire acostumaba a por aos seus doentes a unha dieta de leite de burra.

Freire tiña uns parentes en Curtis ou en Mesía, que se chamaban os Leirado da Agoeira. Un destes parentes, un tal Segundo Leirado, foi servir ao rei cando a derradeira guerra carlista, e como era mui xinete, estaba na escolta de Primo de Rivera, o primeiro marqués de Estella. O rei Alfonso XII chegou ao fronte do Norde cun grande catarro, e os Leirado aseguraban que o médico rural, un tal Sánchez Camisón, escoitou a seu avó, o señor Segundo, e púxolle ao monarca o leite de burra. Segundo Leirado atopara unha burra francesa, mui pacífica, en Puente la Reina, que daba o leite mui gordo, que é o pedido. Quixeron mercar a burra para, rematada a compañía, levala ao pazo de Madrid, xa que Alfonso non saía nunca dos catarros, pro mentras chegaban ou non chegaban os diñeiros para pagala uns desertores roubaron a burra. Unha perda nacional. Falouse delo nas Cortes.

Os Leirado falaban todos daquela burra como si a houberan conocido, e Freire de Rego, seu parente, tamén.

—¡Unha burra teixa, recastada de bordelesa!, decía un.

—¡Recortada, que son as milloras!, decía outro.

—¡Sosegada!, sentenciaba a nai, filla do señor Segundo.

Alfonso XII, cando se foi para a casa dende o fronte, doulle a Segundo de galano un reló de prata.

Fíxolle a entrega o xeral Dabán, quen na ocasión dixo solemne:

—¡Este reloj de plata para el lancero Segundo Leirado, con la gratitud expresa de Su Majestad el Rey!

Según Freire de Rego, na casa da Agoeira conservaban o reló, envolto nun pano de terciopelo verde. Cando morría alguén da familia, dábanlle corda, e poñíano nas mans do finado no velorio. O que daba ocasión para que se contese a historia da famosa burra de leite. Unha burra recastada de bordelesa.

## Piñeiro e as fontes

A este Piñeiro de Guitiriz curáralo Freire de Rego. E dende entón a súa teima era saber, por si iba alí e enfermaba, as fontes que había en todas as vilas do mundo. Piñeiro, si tiña ocasión de falar cun forasteiro, cun viaxante de comercio, por exemplo, ou co conductor dun camiión de Zaragoza ou de Palencia que se detiña a tomar un café ou a comer un bocadiño de xamón no Maragato de Guitiriz, buscaba o xeito de preguntarlles que tal era a auga por alá, e como andaban de fontes. E o que lle decía, deseguida o apuntaba nunha libretiña. Sempre tiña algunha novidade en fontes; por exemplo, nas Canarias, había dúas, unha das cales daba auga que facía rir a callón ao que a bebía, namentras que a outra facía chorar ao que refrescaba nela. Cando Piñeiro se decatara de que as súas noticias de fontes causaban sorpresa aos ouvintes, restregaba as mans, e si estaba na taberna, pedía outro vaso de viño. Era un home alto, pelo branco, osudo, sempre mal afeitado, as mans longas e afiadas. O que quedaba de memoria da súa figura era que todo el parecía de óso, ósos que tiraban a amosarse sob a pel, e aínda parecía que tiña máis ósos que os outros homes.

Cando alguén de Guitiriz saía para o servizo militar, Piñeiro iba despedilo á estación.

—¡De modo e maneira que te me vas para Burgos! ¡Vóuche explicar as fontes que hai acolá!

E explicáballes, as de Burgos propiamente ditas, e as das monxas das Huelgas, e as de Castrogeriz e as de Prádanos de Bureba...

Unha vez, un tal Puga, que tiña unha parada en Begonte, foi a Vich, en Cataluña, a mercar un garañón, e tróuxolle a Piñeiro a noticia de que alí había unha fonte, que chamaban “dels estudis”, e iban beber nela, coa súa chisteira e súa capa, os seminaristas aos cales con aquela auga aclarábaselles a voz, o mesmo que si tiveran ido ao balneario de Caldas de Reis, e con aquela voz millorada daban mui ben a lección de latín. Puga traguía a noticia dun crego de alá, con quen xantara unha mui sabrosa butifarra guisada con fabas coloradas. Puga, que era algo burlón, díxolle a Piñeiro que el bebera de aquela auga, pro como non sabía latín, que non notara os efectos. En troques, dándolle de beber ao garañón, un catalán nervioso, no pilón da fonte, vintecatroye horas despois orneaba cun acento extraño.

Piñeiro calou, e aproveitou unha feira en Rábade para ir á parada de Puga, e na que o garañón de Vich non se fartaba de cubrir eguas galegas. Piñeiro agardou con paciencia a que a besta ornease.

—¡Pois agora o acento que ten o teu catalán éche un acento ben do país!, comentoulle Piñeiro a Puga.

Puga respondeulle que os acentos péganse, e que de tanto estar con bestas galegas, quizaves o garañón xa sabía falar como nós. Ou polo menos, ornear co acento noso.

Como Piñeiro tiña algúns cartos, a fins do verán viaxaba por Galicia a conocer novas fontes. Decía que había fontes para todas as doencias, e que para a vista a millor era unha que hai en Becerreá, antes de entrar na vila, á dereita, vindo de Pedrafita. E para regular as mulleres, era mui boa unha que hai en Santiago.

## A Voadora de Serantes

Estaba Manuel Páramo botándolle un feixe de herba ás vacas, e a muller apoleirando as galiñas, á caída dunha serán de verán, cando delambos auviron un asubío mesmo derriba das súas cabezas. Miraron para o ceo, a ver de onde viña aquilo, que pasaba de asubío a trono, e viron pasar voando, nunha banqueta, á señora María de Fontes, que era conocida pola Voadora de Serantes, aínda que ninguén sabía de onde lle viñera o apodo. Pro ben sabía que era acertado, que a señora María voaba. Manuel e a súa muller correron a darlle o parte aos veciños de deloutra banda do río. O señor Bastián de Cosme, liando despacio un cigarro, comentou:

—¡Non sabía que fose meiga!

E non lle deu importancia ao asunto, recomendándolle a Manuel e maila muller que calesen o conto e non se metesen na vida de naide.

—Cadaquen gaña a vida como pode, sentenciou.

Pro ao día seguinte, o señor Bastián chamou a Manuel Páramo, e díxolle que aquela noite despertara soñando coa señora María de Fontes, e que se lembrara de que a tal morrera facía polo menos tres anos, e que vindo el no Castromil, cruzárase coa xente que viña do cabodano. Estando falando do asunto Bastián e Manuel, escoitouse outra vez o asubío seguido dun trono, e ergueuse un vento de travesía mui forte, que durou ben os seus cinco minutos.

—¡Esa tola seica quer levarse os nosos tellados!, dixo o señor Bastián.

A verdade foi que non deixou nin unha soia mazá nos mazaeiros.

O señor Bastián foi visitar a un amigo, que era fogueteiro e chamábanlle O Gaitero de Vedra, e encarregoulle catro bombas de palenque, as máis potentes que fixera nunca. O señor Bastián e Manuel Páramo montaron garda coas bombas na man e a mecha presta, agardando a que pasase voando María de Fontes, sentada na súa banqueta. Choveu catro días seguidos, e logo escampou, e veu un día fermoso e soleado.

—¡De hoxe non pasa!, dixo o señor Bastián.

E así foi. Eran as seis dadas cando se escoitou o asubío de cando en vez interrumpido por uns tronos xordos, que metían medo. María de Fontes viña polo áer, como a primeira vez que a vira Manuel Páramo, sentada na súa banquetta. O señor Bastián soplou no cigarro de a carto e prendeu lume na mecha das bombas de palenque, unha tras outra. Foron catro enormes estampidos seguidos que deberon escoitarse no Ferrol. Ouviuse un grande berro, e medio minuto despois caeron diante de Bastián e Manuel e as súas asustadas mulleres, unha zapatilla colorada e dous pesos amadeos. Ben mirada a zapatilla, resultou que estaba chea de plumas de corvo. Bastián e Manuel decidiron enterrar a zapatilla no monte, e repartir o capital.

Pro aqués pesos amadeos estaban enmeigados. Pola noite, saían de donde os tiñan gardados o señor Bastián e máis Manuel Páramo, e andaban polo áer, petando contra as paredes, ou chinchándose a eles mesmos nas lousas das cociñas. Na casa de Bastián romperon un espello, e na de Manuel Páramo seis copas que había no aparador e que lle tocaran nunha rifa, en Ordes. Despois da noite de farra, os dous pesos volvían mui humildes ao lugar onde os pousaran os seus novos donos.

—¡Hai que cambialos!, dixo o señor Bastián.

E foron delambos veciños a Betanzos e almorzaron ben, co remate de café e copa, pro ao ir pagar, o taberneiro deuse conta de que aqués dous pesos eran falsos, e enmourecían canto máis os miraba. Foi unha vergoña para Bastián e Manuel, os caes tiveron que contar a historia ao brigada da Garda Civil. Este pediulles aos dous amigos que lle regalaran os pesos falsos, que non lles servían para nada, e ademais quitábaos de disgustos como aquel. Pro ao día seguinte, cando o brigada devandito llos amosou ao cobrador de contribucións, resultou que eran legais. Somentes se facían os falsos cando os querían cambiar.



## A orella dereita de Antón de Leivas

Antón de Leivas vivía cos seus pais e irmáns en Vilarelle, na casa que está mesmo á beira da fraga de Unces. Era un mozo de vintecatro anos de mediana estatura, e arroibado, como soen ser os de Vilarelle. Os Leivas tiñan unha boa labranza e era seu o bosque de Portela, que por derriba do camiño todo é un faiedo. Un domingo calquera ao saír da misa, un amigo de seu chamou a Antón de Leivas aparte.

—Estiven detrás de ti na misa, e non me cansaba de mirarche a cachola, que tes a orella dereita muito máis grande que a esquerda. ¡Antes nona tiñas así!

—Pois no servicio militar non me dixeron nada, replicou Antón, levando a man á susodita orella dereita.

Xa na casa, consultou coa nai e irmáns, e todos atoparon que a orella dereita lle medrara máis do debido, e engordado embaixo. A orella, asegún o parecer da familia e dos veciños, seguíalle medrando a Antón. Este andaba cismando no choio, e decidiu ir de menciñeiro, a un que había en Liñares, que se chamaba Secundino, e que sempre comentaba que se adiantaba en dar as doencias de Xan ou Pedro aos millores médicos de Lugo. O señor Secundino estudoulle as orellas a Antón, medíullas, e logo de pensalo un pouco, comentou:

—¡De boa te libraches! Ibas ter un apostema finchado nos interiores, e nun descuido pasóuchese á orella, donde está benigno.

Antón voltou a Vilarelle máis tranquilo. A orella deixara de medrar, según os que acudían a mirarlla. Un día unha veciña, viuda dun garda forestal, coruñesa ela, mui branca de pel e aínda de bon ver, ademirando a orella de Antón, preguntou si se escoitaría algo dentro dela, e acaroando a súa orella esquerda á famosa de Antón, e a súa meixela á meixela do mozo, exclamou:

—¡A mar! ¡Escóitase a mar como nas caracola mariñas!

E dende entón muita xente, especialmente nenos, quería escoitar a mar na orella de Antón de Leivas. Hasta quixo María de Don, unha moza mui garrida, que nunca lle fixera caso a Antón. María agora pasaba

as horas escoitando a mar na orela de Antón, e sorría. E tal foi a cousa que fixéronse noivos, e casaron. María díxolle a Antón que non quería que a coruñesa, a viuda do garda forestal, volvese endexamáis a escoitar na súa orela a mar do Orzán. Nenos, os que quixeran.

María tiña un irmán en Venezuela, e ao verán seguinte ao maio da súa boda con Antón, chegou a Vilarelle de vacacións. Moreno, mui elegante, con zapatos brancos e fumando roibo, e con gran variedade de corbatas e sombreiros. Abrazou ao seu cuñado Antón, mirouno e remirouno, comparou as orellas delambas, e levouno a carón do palleiro para falaren sin seren ouvidos.

—¡Oye, chico, esto es una vaina! ¡Tienes las dos orejas iguales!

—Pois todo o mundo veme a dereita meirande que a esquerda... Ademáis, escóitase nela a mar.

—Eso es lo que los periodistas científicos de Caracas llaman “un caso de sugestión colectiva” y nada más.

—¿Non llo dirás a ninguén?, inquiría Antón, entristecido.

—¡Que vaina, cuñado! ¡Yo como un muerto!

Antón respirou, porque lle estaba sacando algúns cartos á orela dereita. As nais traguían os fillos raquíuticos ou que non medraban, e frotaban as súas cacholiñas contra a orela de Antón. Este cobraba tres pesos por sesión, e as nais agradecidas deixabanlle de regalo un queixo ou un pito. Antón estaba desexando que o cuñado se volvese para Venezuela. Porque en canto estaban soios, non facía máis que comentarlle:

—¡Un caso célebre de sugestión colectiva!

## Lamego de Mouriz

Esto das “sortes e resortes” non é soio propio de Galicia, que é tamén ciencia de moitos países europeos. Síguese o tempo que fai en certos días de xaneiro, do sete ao doce, do quince ao vinte e cinco, ou do catorce ao vinte e oito, –cada mestriño ten o seu libriño–, e tal como foi o semblante deses días, así serán os meses do ano, de sol ou de auga, de quentura ou de frío. Hai moitas aldeas nas que viven verdadeiros intelixentes en sortes e resortes, que interpretan con siso e son moi escoitados, e os máis dos veciños de seu acompañan as súas labores agrarias ao que prediciron os intérpretes. Eu tratei a un destes, un tal Lamego de Mouriz. Era un pequenecho inqueda, peitisaído, que almorzaba touciño crudo con cebola e pan e dúas copiñas de augardente. Alá polo ano cincuenta e seis ou cincuenta e sete, sacou polas sortes e resortes que aló por Pascua Frolida virían grandes choivas, pouco menos que un novo diluvio universal. Lamego, cando estivera operado das hedras en Santiago, conocera a outro intérprete, que era veciño de Muros. Visto que as choivas iban ser como nunca se viron, decidiu ir consultar co seu colega muradano. O cal, cando Lamego chegou diante del, sin que este lle preguntase nada, como si lle lese a consulta no pensamento, díxolle a modo de saúdo:

—¡Augas nunca vistas, Lameguiño!

Lamego volveuse a Mouriz, cambiou de lugar os dous palleiros que tiña, poñéndooos asegurados nun alto, e abriu unha canle ao pé do cabozo, que levase as augas da eira ao río. ¡Realmente o mundo debía ser todo costa abaixo, deica chegar aos ríos e á mar! Pra máis seguridade mercou un impermeable con capucha, e botas de caña, de pescador; retellou a casa, e fixo por fora unha rampa de madeira, que había permitirlle, en caso de inundación, levar as dúas vacas e mailos porcos dende a corte e o cortello ao segundo piso. Costoulle a rampa cinco mil reás. Acopiou leña e bacalao, e levou patacas ao faiado, e agardou a que cheguese abril. E abril chegou, que todos os abrils chegan, frofido, soleado, morno, sereno os máis dos días, agás unhas choiviñas con vento sur. Lamego non daba creto aos seus ollos, e cando rematou a lúa de abril volveu viaxar a Muros, a discutir o asunto co entendedor de alá. ¡Era moito trabucarse, cóñolas! Atopou ao compañeiro lendo nun xornal que mercara na vila aquela mesma mañán.

—¡Puidemos facemos ricos, Lameguiño! ¡O diluvio anunciado caiu en Italia! ¡Poidemos avisalos, previo pago!

E o de Muros amosáballe a Lamego unha fotografía que viña na primeira plana do xornal, e na que aparecía Florencia inundada, con lanchas polas rúas. Lamego rañouse a cachola, e pediulle prestado o xornal ao de Muros, para ensiñalo polas feiras de Palas de Rei e de Monterroso, de Sarria e de Villalba, e en toda parte onde lle escoitaran o pronóstico do novo diluvio, para que coa proba daquelas grandes inundacións de Italia non padecese a súa fama. Con aquela fotografía pararía as burlas e recobraría o respecto perdido.

Agora non conozo ningún entendido en sortes e resortes, e teño que fiarme polo “Zaragozano”, que tampouco sae o “Gaitero de Lugo”. Lamego morreu, e non sei si vivirá o intelixente de Muros, quen, como se viu, interpretaba as sortes e resortes a escala universal, e para el era o mesmo que chovese en Negreira que en Florencia, a frol de Toscana.

## Fulxencio Parada

Este Fulxencio Parada era de Asados, na veciñanza da ría da Arousa, e cando nas seráns do domingo iba pasar unhas horas a Rianxo, levaban nos petos unhas cantas laranxas dun laranxo que tiña na horta, e que el tiña polas máis sabrosas do mundo.

—¡Ríete das valencianas!, decía, ofrecendo algunha aos amigos.

A verdade era que para el aquelas laranxas de Asados tiñan un sabor especial, e en primeiro lugar porque foron as laranxas con que o destetaron, e en segundo lugar porque seu pai deixábaas no laranxo dun ano para outro, e as que non facía caír o vento, endozaban nas ponlas. Cando Fulxencio foi facer o servizo militar ao Ferrol, estaba sempre pedindo laranxas á súa casa, para que amigos e superiores puidesen comprobar que as laranxas de Asados eran as millores do mundo, e que en todo caso, tiñan algo que as outras laranxas non tiñan. E o entusiasmo de Fulxencio Parada polas súas laranxas era tan contaxioso, que todos os probadores remataban pódose de acordo en que aquelas laranxas podían ser millores ou non que as valencianas, pro que podían merecer o calificativo de únicas. Eso dixo o capitán de corbeta don Severino Sierra, ao que servía Fulxencio como asistente. Era don Severino mui sabido en historia de España, e tiña en Fulxencio un atentísimo ouvinte. Don Severino quería desfacer as que el chamaba “trampas da historia”, e para comezar, opúñase a que don Pedro I de Castela fose tidoado O Cruel. Tiña lido unha apoloxía de don Pedro, que para el era o Xusticieiro. E explicáballe a Fulxencio que non fora verdade que un francés, o condestable Du Guesclin, quen lle botara derriba a seu irmán bastardo, cun longo puñal, disculpándose con aquilo de:

—¡Non quito nin poño rei, pro axudo ao meu señor!

Que quen tal fixera e dixera fora un galego, un de Pontedeume, Fernán Pérez de Andrade, o Bo, quen andaba no bando de don Enrique e que por este feito e este dito recibiu moitos premios.

—Polo que dixo, ben se ve que tiña que ser un galego, comentaba o señor Sierra. ¡Eu axudo a quen me paga, e alá eles que se maten!

Fulxencio Parada fíxose da parte de don Pedro, e sabendo polo seu chefe que este rei pasara por

Galicia, imaxinaba velo chegar a Asados unha serán calquera, montado nun cabalo branco, e iba Fulxencio e cadrábase, saudaba militarmente, e ofrecíalle as millores laranxas do seu laranxo, e como lle quedese na memoria a famosa frase de Montiel, Fulxencio non deixaba de decila na ocasión, modificada ao seu xeito:

—¡Non quito nin poño valencianas, pro axudo ás laranxas do meu laranxal!

El rei don Pedro o Crudel dáballe a Fulxencio cinco pesos de propina, e íbase camiño da Poboia do Caramiñal. Non sei porque a Fulxencio se lle antoxaba que don Pedro iba dormir á Poboia.

## Hermelina da Ponte

O seu pai fora un menciñeiro mui famoso, que tiña clientela dende Allariz deica Verín, é aínda recibía doentes de Ourense. Quitaba as verrugas con sete palabras, limpaba os ollos de tirizós, e falaba cos fígados enfermos. Non é que falase co doente do fígado, senón co fígado propiamente, preguntándolle cun repinique de dedos como andaba de calor. Pegaba a orella alí onde pensaba que caía o fígado, e escoitaba a resposta.

—O eco, precisaba.

Sabendo que no mosteiro de Allariz as monxas gardaban un anaco de pel dun dragón, iba por alí de visita, e levaba de agasallo para as madres unhas libras de chocolate portugués, coa intención de que un día, polo torno, lle fose amosada a misteriosa pel, que seguro que sería medicina para casos mui rebeldes. Metendo recomendacións, propúxolle ás monxas montar un consultorio no lugar que en Allariz chaman “a barreira”, frente ao mosteiro. As monxas prestaríanlle a pel do dragón ao trinta por cento, e Manuel da Ponte pasaríalla ao doente pola caluga.

—Aquí é onde ten o home, decía, verdadeiramente a súa estación de servicio.

Pro as monxas negáronse.

Este Manuel da Ponte tivo unha filla á que bautizou Hermelina. Aos vinte anos era, en verdade, unha fermosa muller, alta, tirando a gorda, co peito mui solto e os beizos mui pintados. Por consello do pai aprendeu a por inieccións, e estaba sempre de pe nas consultas do menciñeiro, coa xexinguiña na man. Era unha concesión de Manuel da Ponte á ciencia moderna. Finouse Manuel da Ponte, e Hermelina estableceuse pola súa conta. Pode decirse que era muito máis hábil que seu pai en quitar as verrugas. Hermelina, en Verín, chegou a ter unha moi boa clientela de portuguesas, e máis dunha vez achegouse en taxi á feira de Chaves para atendela. Que resultou que un día a Hermelina tiña, ademais do poder de tirar as verrugas, de facer saír luares no rostro da muller que os pedía. E como era moda entón en Lisboa, maiormente entre a aristocracia e as cantantes de fado, o luar na meixela ou no beizo superior, Hermelina ganou muito diñeiro facendo aparecer, cunhas palabras segredas, luares azúes alí onde as portuguesas os

querían.

Un día presentóuselle en Verín un fidalgo lusitano, alto, elegante, con bigotiño, grandes ollos mouros... O cabaleiro quería un luar na meixela dereita e outro debaixo da tetiña esquerda. Hermelina sentouno, puxo o dedo do medio facendo a figa alí onde o portugués quería os luares, dixo as verbas segredas por tres veces, e cando retiraba o dedo, ficaba no lugar pedido un luar azul prusia. O portugués mirouse por dúas veces nun espello e ficou satisfeito.

—Así, dixo, si morro en accidente ou na batalla de Alcazalquivir, como o meu primo el rei don Sebastián, poderán reconocerme, e non estar agardando por min para o almorzo.

Pagou e foise. Hermelina ficou namorada do cabaleiro, que máis ben tiraba a triste. Hermelina foi facer a Ourense unhas tarxetas nas que se dixese que traballaba en luares para a Casa Real de Portugal. Consultou o da imprenta con don Vicente Risco, que en paz descanse, e por consello deste puxeron nas tarxetas:

HERMELINA CARTELLE PORTAS  
*Provedora de luares dos Reises de Portugal*  
VERÍN



## Felpeto, mariñeiro e músico

A Felpeto levárono a Conxo dende o seu Corme natal. Navegara durante moitos anos no veleiro “San Antonio y Ánimas”, e tivérono que desembarcar porque dera en berrar que se retiraba á mar, e que o barco iba quedar en seco, no medio de rocas mouras. E corría ao timón para poñer rumbo norde, e que o veleiro navegase na dirección na que fuxía a mar. Pro, desembarcado, pasaba os días e as noites en Corme anunciando que a mar cambiara de xenio, e que agora en vez de irse para o norde, viña decontra a terra, e iba cubrir as casas, e que non había outro remedio que poñer velas nos tellados, para na ocasión propicia saír navegando. Un médico amigo da familia conseguiu que o meteran en Conxo, onde o sosegaron algo, explicándolle por mapa que a mar estaba a doce leguas.

En Conxo, Felpeto fixo amizade cun canteiro de Pontevedra, o cal andaba terlle que terlle picando, que quería facer instrumentos de música de pedra. Agora mesmo estaba intentando lograr a gaita, co punteiro, o roncón e mailo fol, e xa a levaba mui adiantada. Unha gaita mui xeitosa, e xa lle prometera o director que cando a tivese rematada, que tiña unha conocida monxa en Santiago que lla había vestir de verde e de amarelo. O problema principal que se lle plantexaba ao canteiro, chamado señor Avelino, era como encher de aer o fol da gaita, porque deica entón ninguén estudara a filatación da pedra polo soplo dos pulmóns do home. Agardando que un sabio alemán resolvera a cuestión, púxose a facer unha flauta, que esta non ten fol. Fixo unha fermosa flauta de pedra, políuna, e cando a tivo rematada atopouse co problema da palleta. Doulla a Felpeto a ver si tiraba algún sonido da flauta, pro a flauta, por moito que soplaba Felpeto, estaba calada. Ao fin, caíron na conta de que o señor Avelino non furara a flauta por dedentro. E namentras o señor Avelino vía como furar a flauta, o Felpeto douse a si mesmo de alta como tolo.

Pediou ver ao director, e díxolle que todo aquilo de non ver mar ou vela fuxir dende o veleiro, ou atisbar que chegaba, enchendo a desmesura, a cubrir a vila de Corme, que fora cousa dunha indigestión de congrio curado, e que no ano que levaba no manicomio que tiña adeprendido como había que tratar aos tolos, e que si o metían de loqueiro, que había vacantes, que o agradecía. Somentes pedía cama e

comida, e que un que fora director dunha banda de música nunha vila de Ourense, que lle dese clase de solfeo, para estar preparado si o señor Avelino lograba instrumentos nos que se puidese tocar. Concedéronlle o que pedía. Felpeto trataba mui ben aos tolos furiosos, aos que sosegaba mui amistoso, faláballes de naufraxios, de como era o porto de Luarca, e ensiñándolles algo de solfeo, do solfeo que estaba adeprendendo co músico ourensán. Ao ollar que calmaba aos tolos máis furiosos, os outros loqueiros chamábanlle Felpeto Calmante.

Un día Felpeto díxolle ao director que quería marcharse para a súa casa, que debía haber moitas goteiras, e que a muller estaría preguntando por el.

—¡Seguro que non sabe que estou embarcado no “Conxo”!, dixo.

Como so o manicomio de Conxo fora o “Conxo”, un veleiro cormeño, como o “San Antonio y Ánimas”. Deixárono ir e chegou a Corme solfeando. E de alí a pouco morreu na súa cama, sin ter dito nin verba a naide, nin á muller. Cando tiña ganas de falar, solfeaba: do, re, mi, fa, sol...

## Rosa Martiño

Non me lembro si esta Rosa Martiño era de Betanzos ou de Noia. Diante da casa onde nacera e vivía cos seus pais, había unha relojería. Como o reloxeiro era parente dela, un coxo mui bigotudo, Rosiña iba alí cada día, e afíxose a estar entre os relós, e pasaba as horas vendo a seu parente amañar os relós averiados. Cando chegou aos doce anos, dixo que quería adeprender o oficio. Era entón unha mociña roiba, espigada, mui lucida de pernas, e sempre sorrindo. A nai quería que fose peluqueira de señoras, e o pai coidaba que tan lista como era, que seguro que podía estudar para mestra na Normal de Santiago. E Rosa terqueaba que ela sería reloxeira ou nada.

—¡Non se sabe que haxa reloxeiras en ningunha parte!, decíalle a nai.

—¡Pois entón serei a primeira reloxeira do mundo!

Consultado un amigo crego, dixo que a relojería era un oficio mui decente, e que si a nena se daba maña e o parente aquel a ensiñaba, e a deixaba por herdeira da tenda, que non tiña fillos, Rosa tiña o porvir asegurado. A Rosa xa todos a conócían pola Relojería. Pro a nai non cedía. Iba a buscala á relojería do parente, berraba con este, e que nada de facer herdeira á pequena. As cousas puxéronse tan mal para Rosa, que decidiu marchar para Buenos Aires, coa axuda do parente reloxeiro, que choraba ao perder aquela axudanta. Xa en Buenos Aires, non lle foi doado atopar traballo nunha relojería. Ao fin, por amistades, tomouna a proba un reloxeiro suízo, viudo, Rosa probou que sabía mui ben o oficio, e foi mui apreciada. Xa era entón toda unha moza, arroibada, metida en carnes, e seguía sorrindo, e namentras traballaba, tarareaba cantigas galegas. Todos os que traballaban a seu carón, e aínda o suízo viudo, querían casarse con ela. Rosa daba a todos mui boas palabras, e deixábase convidar ao Colón e a merendar patatas á inglesa.

Un día chegou á tenda un brigadier que se chamaba Borges, e era home con muito mando, e andaba o máis do tempo a cabalo, vixiando as avenidas da capital. Unha sociedade italiana agasalláralo cun fermoso reló, pro cando o brigadier Borges quixo poñelo en hora e darlle corda, resultou que o reló non andaba. O suízo viudo doullo a Rosa para que o reparara. E tras duas horas de estudo do reló, Rosa

díxolle ao patrón que aquel reló non estaba feito para andar, que non tiña as pezas precisas. O suízo viudo estudou tamén o reló, e tiña razón a Rosa: eran catro pezas cuadradas e unha especie de mecha todo o que tiña dentro. Chegou o brigadier a buscar o reló, e déronlle a noticia de que era un reló de trampa, todo apariencia, e que tal como estaba a ciencia da relojería, que non podía andar. Que quizaves andivera cando viñeran outros adiantos, pro que no día en que estabamos que non, e que máis parecía burla. O brigadier saíu a caballo a buscar aos italiáns do agasallo, pro nonos atopou. Ao día seguinte caíu do caballo, cando saía a seguir a busca dos calabreses, e morreu dun ataque ao corazón. Co disgusto e a rabia.

Ninguén veu buscar o falso reló. Rosa seguía solteira, e de vez en cando tomaba unha hora para estudar a peza, que tiña unhas fermosas tapas, cunhas corzas en releve. Unha mañán, co reló na man, cheiroulle a queimado. Abriu o reló e estaba ardendo aquela mecha marela que tiña, e toda a maquinaria púxose ao roxo vivo. Rosa tirou o reló ao chan. O reló estoupou. Era un atentado contra o brigadier Borges, preparado polos italiáns, e que se produciu cun ano de retraso. Rosa saíu en xornais e revistas, e aparecéronlle moitos pretendentes. Ao fin, como sempre estaba pensando en volver a Noia ou a Betanzos, casou cun piloto mercante. Pro resultou que o piloto non quería seguir navegando, que o que quería era exercer o oficio de reloxeiro. O suízo viudo meteuno na súa tenda. Así é a vida.

## Ramiro da Barca

Chamábanlle á familia de Ramiro “os da Barca”, porque seu bisavó e seu avó tiveran barca no Miño, entre Portomarín e Belesar. Desto fai moitos anos, cando aínda ninguén pensaba no famoso embalse que deixou Portomarín sob as augas, e coa vila as famosas viñas. A barca do bisavó e do avó de Ramiro non era propiamente unha barca, senón un caixón, que se sirgaba cunha corda tendida de ribeira a ribeira, e o patrón axudaba cunha pértega de guía. Na barca pasaba o río xente, pro tamén porcos, xatos e algún cabalo. E máis dunha vez pasaron no caixón, pintado de bermello, viaxeiros que non eran do país, que ben se lles veía que eran de lonxe pola fala e pola vestimenta. Unha vez chegou ao embarcadero da ribeira esquerda un home cáseque xigante, envolveito nunha gran capa azul con voltas coloradas, e cuberta a cabeza cunha birreta mui galoneada en ouro. Calzaba botas de brillante coiro que lle chegaban aos xoenllos. Polo que se veía viaxaba soio e a pé, e non levaba máis equipaxe que unha trompeta en bandoleira mui lucido o metal, como si a cada paso lle estivesen pasando un pano. Ramiro contaba según a versión que dou do choio o seu bisavó.

O forasteiro, mui barbado, dou os bos días, e preguntou si podían pasalo á ribeira dereita, onde o agardaban cun cabalo para seguir viaxe a Ourense. O barqueiro, bisavó, como digo, de Ramiro, díxolle ao forasteiro que tiña que agardar media hora, que estaba á espera dun parente de seu, que chegaba cuns cabritos. O forasteiro alporizouse, e berrando dixo que el non era home de esperar por uns cabritos e un feirante. O bisavó de Ramiro erre que erre que tiña que agardar polos cabritos, e o forasteiro que tiña presa e que tiña que pasalo axiña. Si houbese amosado a man cunha propina, supoñamos catro pesetas, o bisavó de Ramiro, seguro que o pasaría sin agardar ao parente cos cabritos, que podían agardar estes pacendo, e a feira de Chantada era aínda para o día seguinte. O forasteiro case espumeaba por aquela boca, berraba palabras forasteiras, e vendo a terquedade do bisavó de Ramiro, botou man da trompeta e tocou. Tocou un áer de alarma que debeu de escoitarse en Sarria e mesmo en Lugo. Ergueuse un gran vento frío, e da outra banda do río botouse á auga un cabalo mouro, que agollapaba sobre as ondas. O forasteiro tocou agora un áer máis suave, que parecía como asubío, decíndolle ao cabalo onde se

atopaba. O bisavó de Ramiro veu un coitelo ensanguentado na man do forasteiro, esantiguouse. E o santiguo salvouno, que o coitelo caiu ao chan, e o cabalo afondouse nas augas polas que agallopaba como por campo de maio.

—¿E o forasteiro?

Pois o forasteiro saíu voando, botando lume, e perdeuse cara ao Páramo, deixando un ronsel de fume negro.

—¡Sería un demo tolo!, comentara contando o caso o bisavó de Ramiro.

Anos despois, perto de Triacastela, atoparon a trompeta, limpa, brillante, e na buguiña tiña un letreiro que decía “Made in England”. O forasteiro sería, en todo caso, un demo inglés. ¿E que se lle perdería en Ourense?

## Fuco de Pedrosa

A primeiros de setembro Fuco de Pedrosa quedaba soio na súa casa, cuidado por unha vella parente, que a muller baixaba ás Mariñas a tomar os baños. En Foz e estas bañistas aldeáns de setembro chámanlles “canónigas”, namentras na Cruña as apelidan “catalinas”. Eu iba de paseo deica a súa casa, e sempre levaba un libro comigo. Sentábame á sombra dun castiñeiro, e si non estaba Fuco, poñíame a ler até que cheguese. Si estaba Fuco tiña que lerlle algo en voz alta.

Fuco era pequeno, forte, os ollos mouros, e cuidaba muito un bigote que tiña, entrecano, que o deixara en Buenos Aires cando andaba de amores cunha asturiana. Esta, chamada Covadonga, herdou dun tío de seu muito diñeiro contante, e ao saír da Chacarita de darlle nicho ao finado, levouse aparte a Fuco e díxolle que denantes dun mes que tiña que haber boda. Fuco, que andaba erguéndolle as faldas á asturiana, tívolle algo de medo ao vela tan imperiosa. Agora que tiña cartos non facía máis que mandar en Fuco, e ademais volvérase ciuamosa. Fuco deixou o traballo que tiña e escondeuse na casa dun veciño. A asturiana buscouno por todas partes, puxo anuncios nos xornais, e ao non dar co Fuco, embarcou para Gijón, medio tola. Pouco despois Fuco coñeceu a unha de Monforte, chamada Benita, mui suave e calma, mui doce, mui branca, mui agarimosa, e casou con ela. Antes de casarse díxolle a Benita que o bigote o deixara porque llo pedira a asturiana, pro que si ela quería que o afeitaba. Benita botouse a rir e dixo que Fuco lle gostaba co bigote. O que lle gostaba a Benita era que Fuco lle contase dos mandos da asturiana. Fuco contáballos, aumentados.

Un día, cando xa eu era amigo de Fuco, e o matrimonio vivía en Galicia, pertiño de Mondoñedo, na casa petrucial, levaba eu no meu paseo un libro con historias árabes. Benita iba nos baños de Foz. Fuco, como de costume, pediume que lle lese algo. E vou eu e linlle a historia de Hind, filla de Utba, casada que estaba cun home rico que tiña unha fonda. Un día un home entrou na fonda, e viu a Hind dormida, deitada nunha alfombra. O home que era mui decente, foise sin despertala. Pro o marido, que viu saír ao forasteiro, tivo ciumes, e repudiou á muller. Esta negaba ter visto entrar un home na fonda. Nin visto nin ouvido. Hind e seu pai foron ver a un adiviño famoso, e tamén foron o marido e xente da súa tribu. O

adiviño púxolle a Hind a man dereita sobre o veo que lle cubría a cabeza e dixo:

—¡Non eres culpable de adulterio! Un día parirás un príncipe que se chamará Muavija.

O marido que a repudiara quixo coller a Hind da man, pro esta negouse.

—Ese fillo que me adiviñan, dixo, quero telo de outro home.

E había alí un home que dixo que se casaba con ela naquel mesmo momento. E Hind chegou a parir en Bagdad un neno chamado Muavija, que foi califa dos creentes.

—Agora, decíame Fuco, cando rematei a lectura, xa podes ver a diferenza que hai entre a Benita e a asturiana Covadonga. A miña Benita, chegado o caso, colleríame da man, e o pasado pasado. A asturiana, faría como esa Hind desa historia, e iría ter con outro o fillo prometido, o rei Pelayo por exemplo. ¡Claro que o capital era dela!

Convidábame Fuco a leite callada, e cada día agardábamnos os dous que regresase de Foz a calada, sorrinte, sosegada Benita.



## Félix Lourido

Este Félix Lourido, dun lugar que chaman Muimenta, a carón de Lalín, era un gran cazador e tiña fama de que dera morte a máis dunha ducia de lobos. Saía soio, sin can, cunha escopeta que lle mercara á viuda dun veterinario, en bandoleira a bota, chea de viño e un fardelo con pan, xamón e queixo, e pasaba un par de días polos montes en procura do lobo. Non se non sabía onde se botaba a durmir, aínda que o máis certo sería que non durmía en parte algunha, todo o tempo ao axexo e rastreo da fera. Acostumaba decir que era conocido de toda a lobería, e que si propalaba entre lobos que el saía ao campo, o lobo non fuxía, senón que daba voltas a seu redor, nun radio de media legua, a cuberto de xesteiras e toxais. Pro, según Loureiro, había un momento no que o lobo tiña necesidade de beber, poño por caso, ou de facer as súas necesidades perto dunha pena, e nese ponto o lobo saía do seu círculo de defensa, e entón aparecía diante del Lourido, a escopeta presta, e dáballe o alto. O lobo domina a arte das marchas e contramarchas, pro o Lourido dominaba o arte do flanqueo. Xurdía diante do lobo cando este menos o pensaba, alto, a boina calada até as cellas, a barba medrada, a ollada súa fixa na do lobo. E para amosarlle ao lobo que iban de igual a igual, salvo a escopeta, eso si, Lourido abría a boca e ensiñáballe á besta os seus grandes dentes, brancos, espatulados, fortes, que cuidaba tanto. Isto sóupeno eu polo que contaba aos seus sobriños, que dunha pulpeira de Silleda con quen casara non tivera fillos, do que se queixaba.

Lourido, digo, aparecía diante do lobo e dáballe o alto. O lobo erguía a cabeza, e cazador e fera ollábanse fixamente. Lourido apuntaba coa escopeta famosa e disparaba. Os lobos que Lourido matou, caíron todos de un soio tiro. Morto o lobo, Lourido mandaba por un sobriño recado ao Axuntamento de Lalín, e máis de dúas veces remesáronlle uns cartos da Diputación de Pontevedra.

Unha vez saíu Lourido ao lobo, e nono daba visto. O monte cheiráballe a lobo, pro mui escusada debía de andar a fera, que nona lograba. Flanqueaba as xesteiras, poñíase unha hora longa a sotavento, imitaba o meé do año, e falaba algo, berrando, como si se dirixise a un cazador que iba pola outra banda do río, decindo, por exemplo, que se iba para a casa, que aquel día non era día de lobos. E nada. O lobo

sin saír. Lourido sentouse a comer algo, e estaba mollando unha miga de pan no viño que botara nun vaso plegable que levaba no peto da zamarra, cando o lobo, un grande lobo, vello e enemigo, apareceu diante del. Olláronse. Lourido tiña a escopeta no chan, e xa gardara o coitelo co que cortara o xamón do bocadiño. Lourido contaba a todos que non se movera, que o único que fixera fora amosarlle os dentes seus ao lobo. Este, entón, erguendo ben a cabeza e facendo un grande esforzo de gorxa, díxolle a Lourido o mesmo que este decía aos lobos:

—¡Date!

Lourido sentiu que non podía mover nin pe nin man, que estaba indefenso diante do lobo, e ao que este dixera. Lourido estaba vencido, e o lobo decatárase de que tiña a presa a seu saber pro o lobo non atacou. Lourido contaba aos seus sobriños que o lobo dera a volta, despacio, amosando indiferencia, saltou a un cómaro e dende acolá enriba riuse de Lourido. Duas ou tres gargalladas. Lourido xa tiña a escopeta nas mans, pro non lle pareceu decente disparar, porque fora o lobo e non el quen no encontro dixera:

—¡Date!

## Peleteiro da Bouza

O vello Peleteiro da Bouza toda a súa vida andivera en pleitos, e os máis perdéraos, con grave quebranto do seu capital, que era moito, entre prados, carballeiras, eiras de pan e monte que daba vinte carros de estrume. Peleteiro consultaba nos seus libros, e deseguida lle poñía pleito a un veciño por unhas horas de auga, ou por unha servidume de paso. Os fillos, un día queimáronlle os libros, e fixéronlle xurar que non se volvería meter en xuicios, que si seguía así iba deixalos por portas. O vello Peleteiro perdeu o humor, deixou o tabaco, arredraba de si aos netos, e sentábase ao pe da figueira migueliña a ollar os verdes prados, supoño eu que matinando que fermosos pleitos aínda lles podía pór aos colindantes, os sete veciños do lugar de Bouza.

Un ano, por Pascua, un parente regaloulle dous polos, en agradecimento por un consello con Código, artigo tantos e pleito ganado. Peleteiro non quixo que os matesen, porque si alguén pasaba polo camiño e preguntaban que facían alí soltos aqués poliños, o vello contaba do consello que dera e parecíalle que volvía a andar en pleitos. Pra durmir, chegando o verán, os polos apoleirábanse nunha rama da figueira, mui descuidados. Tanto que un día veu o golpe caladiño e levouse un. Ficou soio o irmán, un galiño xa mui posto, a crista mui roxa, apuntábanlle duros espolóns, e de plumaxe mui variado, cobrizo, azul e marelo. O polo andaba mui asustado, e Peleteiro decidiu levalo a durmir á súa habitación.

—¡Aquí mando eu!, díxolle aos fillos.

Pola mañán, cando saía a paseo, ou a dar auga ao prado vello, o galo seguía a todas partes. Si Peleteiro durmía a sesta á sombra da figueira, o galiño subíase aos seus xoennlos, e toqueaba tamén, coa cabeza apoiada na barriga do vello pleiteante, mesmo sobre o peto do chaleque no que levaba o reló Roscoff Patent. Ao galiño debía de gostarllle o tic-tac seguido. Este non foi o único descubrimento que fixo Peleteiro nas mañáns e nos seráns daquel verán. O galo seguía a todas partes, e ao andar parecía que quería cruzar as azas sobre a mitra, tal e como Peleteiro cruzaba as mans na espalda cando paseaba. Todo o mundo decatábase do que se parecían delambos. Nos longos paseos vespertinos, Peleteiro e o galo camiñaban par a par. Peleteiro facíalle confidencias ao galo, e este parábase para escoitalo, erguía a

cabeza, e a Peleteiro parecíalle ouvir que o galo decía:

—¡Vaia, meu amo, vaia!

Confidencias de pleitos, de recomendación fallidas, e de sentencias contrarias. Ao fin dos seus anos, Peleteiro encontrara un que o comprendera. Ben podía haber sido fillo de seu aquel galo e non o Eusebio, o seu primoxénito, quen tan asperamente o apartara dos pleitos. E aínda máis: o Eusebio fixérase amigo de todos os que foran contrarios de seu pai na Audiencia da Cruña, namentras que o galo, cando vía pasar a algún polo camiño, subíase á cancela da eira e quiquireaba irado e parecía que quería tirárselle aos ollos. Peleteiro alegrábase de ter aquel defensor, e soio se doía de non entender os insultos que o seu galo cantaba aos que foran os seus contricantes. Coas primeiras choivas do outono, Peleteiro caiu na cama, con febres e vómitos. O galo non quería saír da habitación. Finouse Peleteiro, e non se sabe como o galo apareceu no camposanto cando lle daban paz a seu amo. Quería meterse con el no nicho. Tiveron que botarlle man e metelo nun saqueto. O fillo Eusebio, de volta na casa, decidiu matalo e comelo con arroz. Xa na mesa toda a familia, tivo un escrúpulo e denantes de probar bocado, santiguouse. E dixo:

—¡Que santa gloria haxa!

E toda a familia respondeu:

—¡Amén!

O que eu non sei é si o gloria foi polo pai ou polo galiño.

## Aurelio e maila xitana

Aurelio, un tal dese nome que era veciño de Boimorto, iba a primeira hora do serán dun día de decembro, camiño de Melide, onde había de coller o autobús de Freire, que fai a liña de Lugo a Santiago, cando no medio e medio do atallo aparecéuselle unha xitana. Está ben dita a verba “aparición”, porque a xitana plantouse diante do Aurelio como si xurdise da terra mesma. E non era unha xitana calisquer, que vestía como bailarina de tablao, e recollía a cola coa man esquerda, non se lle manchase coa lama do camiño. Era mui fermosa, e lucía colares e pulseiras, que semellaban ser de prata de lei. A xitana, digo, plantouse diante do Aurelio, e falando como soen os da súa raza, preguntoulle:

—¿Te la digo, resalao?

Aurelio respondeulle que non señora, e que levaba muita presa, pro a xitana poñíasele diante e non lle deixaba seguir camiño.

—¡Por dos pesetas te echo un baile, galán!

Aurelio tiña medo de perder o coche, e apartou, quizaves algo desconsiderado, á xitana.

—¡Déixame, coño!

A xitana púxose de pe no áer:

—¡Toda esta falta de respecto me la vas a pagar en quesos!

Aurelio apurou paso e chegou a tempo de coller o coche de Freire. Dous días despois, cando voltou de Santiago a Boimorto, atopou á muller á porta da casa, chorando a bágoa viva. Conto como el contaba o suceso ao boticario de Melide Taboada Roca, e ao xuez Raimundo Aguiar, por non citar máis que duas personas de respecto. A muller choraba, arrodeada de veciñas. Aurelio e maila muller facían mui bos queixos, que os mandaban por un tratante dende Curtis a unha tenda de Vigo, da viuda dun tal Melchor. A causa dos choros da muller era que tendo preparados dezaioito queixos para mandar ao día seguinte á feira de Curtis, entraron supetamente na cociña duas ducias ou máis de ratos negros, brincadores e famentos, e sin medo aos presentes, nin a can nin gato, botáronse aos queixos e coméronos nun santiamén. Non valeron de nada berros nin basoirazos, nin que ladrase o can, que se puxo como tolo, nin botarlles un

caldeiro de auga fervendo. Os ratos comeron os queixos, e fóronse.

O castigo da xitana: “¡Ya me lo pagarás en quesos!”.

En Boimorto, según decía, estaban divididos os pareceres. Uns coidaban que se cumprira a maldición calé e outros que non. E un veciño comentou que, ao mellor, a xitana era a moura gardadora dun tesouro que había nun castro veciño, e que tiña saído a probar ao Aurelio, o cal, por un peso que lle houbera dado, a xitana botaríalle a boaventura, dándolle de paso as señas do tesouro. Esta opinión pareceu a moitos a máis sensata, e foi ao cabo do tempo a que prevaleceu. Aurelio e maila muller andaban tristes. Aurelio saía de paseo nos seráns de inverno, amosando nos dedos da man dereita unha moeda de cinco pesetas. Iba cara a Melide ou Teixeiro, deixaba caír a moeda no chan, baixábase a recollela, pro endexamáis volveu aparecer a xitana.

## Manuel Suárez

Pasara muitos anos en Portugal, taballando como camareiro en Oporto e máis en Lisboa, e logo como axuda de cámara do señor vizconde de Abeladilha, nunha quinta que este tiña perto de Braga. Xa retirado na súa casa de Soutomaior, contaba aos seus amigos da aristocracia portuguesa que iba veranear á casa do vizconde, e dun lord inglés, mui entendido en augardentes bagaceiras, ao que tiña que convidar sempre cunha garrafiña de augardente de Soutomaior, que o inglés apreciaba muito. Tamén soía ir de verán por alí o arcebispo primado de Braga, quen se burlaba de Suárez si era el un daqués galegos que foran co arcebispo Xelmírez a roubar o corpo de San Fructuoso. O arcebispo ríase a cachón vendo a confusión do pobre Manuel, que non sabía que contestar.

Co arcebispo tamén iba un coengo de Braga, flaque e estirado, mui moreno, cellas espesas que se axuntaban no surtido do nariz, as orellas grandes e os brazos descomunais, máis de duas cartas longas do que deberan ser para a súa talla. Paseando polo xardín, as mans cáseque lle chegaban á altura dos xoelños. Contáronlle ao tal Manuel que o coengo era, en Braga, quen botaba fora os demos que tomaban fonda no corpo dalgún cristián.

—Parece ser, contaba o señor Manuel Suárez en Soutomaior, que o coengo sabía as falas dos demos, e tiña o ouvido tan fino, que os escoitaba falar dentro do corpo do endemoñado, cando este durmía. Unha vez tivo ao seu cárrego unha endemoñada mui rica, unha solteirona, filla duns condes, na que entraran catro demos, os caes de vez en cando deixaban de martirizar á muller e poñíanse a xogar ao tute, arredor dunha mesa que lle puxeran a aquela nos cadrís, dispensando. Os demos facíanse trampas os uns aos outros, e pelexaban entre si, e tiraban os naipes ao chan, é decir, ao chan que houbese naquelas partes da muller. Un día un dos demos tirou as cartas con tanta forza, que a endemoñada botou, mexando, o sete de ouros e mailo as de bastos, e como sin esas duas cartas os demos non podían seguir xugando ao subastado, saíron do corpo da solteirona, e foron a Coimbra a mercar outros naipes, e outro corpo humano que estivera máis a man, para seguir xogando. E o coengo tiña os brazos tan longos, porque un día chegou a agarrar a un demo que lle estaba arroubando os zapatos con fibela de prata, e o demo tiraba querendo

fuxir e o coengo querendo retelo, e daquela batalla alongáronselle os brazos. O demo fuxiu en figura de coello. E o coengo tivo a testemuña da súa ama de claves e maila do sacristán, que era mui bon tocador de guitarra. O demo denantes de converterse en coello, dixo onde quedaban escondidos os zapatos, e prometouse marchar a unha devesa de Salamanca.

O señor Manuel Suárez abría a carteira, e amosaba o cartón de visita do coengo, quen lla dera por si algún día precisaba dos seus servicios. Verdadeiramente, non facía falla o cartón, porque en todo Portugal era conocido o coengo, a quen apodaban “o tirademoños de Braga”.



## Roque das Goás

Esto aconteceu aló polos anos dez, cando se fixo famoso Vedrines, voando o Paso de Calais. Roque das Góas púxose a inventar unha máquina voadora. A máquina saíalle perfecta na mente, e poñíase a dibuxala e na máquina poñía cinco asentos, para el, a muller e os tres fillos do matrimonio. E antes de porse a fabricala, xa andaba polos montes veciños buscando o lugar dende onde se tiraría en vó sobre Ulloa, vendo acolá embaixo a Melide, a Palas de Rei, o castelo de Pambre, denantes de virar para pousarse en Santiago de Compostela. Roque fixo unha viaxe a Santiago para saber onde era millor que se pousase, e pareceulle mui apropiada a plaza do Obradoiro. Non comentaba con naide o choio da máquina voadora, nin coa muller. Cando millor lle saía a máquina era polas mañanciñas, antes de erguerse, aínda medio durmido. Entón todas as pezas encaixaban, machiembradas, pero xa desperto e almorzado, decatábase de que se lle esquencía algo. ¡Si puidera dibuxar a máquina namentras durmía! ¿Non habería algún método? Roque non daba si o choio era de consulta de médico ou de abogado. Como non daba coa máquina perfecta máis que en soños, non se poñía a fabricala. Tiña abandonada a labranza e maila carpintería, na que era mui apreciado, especialmente para carros do país e grades, e sempre que podía iba tumbarse ao pe dun albre calquera, inventando a ditosa máquina, voando sobre a Cruña, e saudando ao señor Viturro ao pasar por derriba do Cantón Grande. Tanto o satisfacían os seus ensoños, que chegou a pensar que millor que voar era soñar que voaba, e quizaves non merecera a pena o fabricar a máquina voadora. Pro, ¿como iban saber os veciños que voaban? ¿Como iban gozar voando a súa muller e mailos seus fillos? ¡Ninguén o aplaudiría nun calquera dos seus famosos aterrízaxes soñados!

Cheo de dúbidas, Roque seguía tumbándose a imaxinar vós. Un serán de verán, namentras toda a familia estaba na sega do centeo, Roque botou unha sesta á sombra dun castiñeiro. E despertouno un que dou con un zoco seu contra un zoco de Roque. Era un fato de perto de Ribadiso, que saía a ganar uns reás axudando nas segas e nas mallas, pro si non había merenda con bacallau iba ofrecerse a outro lugar. Era algo e gordo, mofletudo e desdentado, e chamábase Pastor.

—¡Déixame en paz, Pastoriño!

Pastor ollaba para el fixamente, e ao fin falou:

—¡Muito se viaxa, Roquiño!

Roque mirou mui sorprendido ao fato Pastor, porque en verdade estaba que voaba con toda a familia aos baños de mar. Pastor ollaba tan fixamente a Roque aos ollos, que parecía que o estaba hipnotizando. Ao fin, o fato pegou un grande salto, brincou deica a copa do castiñeiro primeiro, e despois ao outro lado do camiño, e botou a correr cara a Palas. Ría ás gargalladas.

E Roque confesoulle á muller que dende aquel día nunca máis puido soñar que voaba. Volveu ao traballo. Non podía soñar que voaba, porque agora decatábase que o fato Pastor lle arroubara pola mirada os planos da máquina. Senón, ¿como iba ter brincado até o alto do castiñeiro, e dende alí ao outro lado do camiño, que estaba a cen metros? A Roque, lembrándose dos seus aterrizaxes, entrábanlle ganas de aplaudir a Pastor.

## Marcelino Salgueiro

Un día calisquer, Marcelino Salgueiro, estando de pe na porta da súa casa contemplando como comezaban a tomar color os arbres do bosque de Valongo, declarando a presenza do outono, decatouse que lle xiraba a cabeza, intentando cambiar a súa posición natural, de xeito que si a deixase xirar do todo, en vez de caírlle a pique na vertical do peito, quedaríalle a pique na vertical do cu. Agarrouna como puido, e ao fin a cabeza, despois de tentalo por dúas veces, deixouse estar na posición acostumada humán. Pro a ditosa cabeza, cando Marcelino menos o pensaba, quería volver a xirar, para un lado ou para outro, como si se atornillase ou desatornillase. Menos mal que taes xiros eran lentos e dábanlle tempo a Marcelino a levar as mans ás orellas. Como os tentos de xiro eran xa cousa de todos os días, Marcelino decidiu ir ver ao menciñeiro de Pacios, o señor Estebo, un home misterioso que andaba polos campos á hora de alba buscando herbas medicinaís, e cando bebía soplabo na tona da auga no vaso, para que non lle entrasen na boca os vapores húmedos. Sostiña que a auga de case todas as fontes galegas lle sentaban ben, pro non a humedade dalgunhas augas. Vapores húmedos invisibles para os demais mortais, pro ben visibles para el.

Chegou Marcelino á casa do señor Estebo, e precisamente cando se iba achegando a ela, notáballe á súa cabeza máis vontade de xirar que outros días. O primeiro que fixo o señor Estebo Luaces foi sentar a Marcelino Salgueiro diante dun espello e mandarlle que tirase de lingua. Namentras Marcelino se mirase no espello e tivese a lingua de fora, a cabeza súa non xiraría. O menciñeiro, para comezar o tratamento, aconselloulle a Marcelino que estivese movendo seguido a cabeza de esquerda a dereita e de dereita a esquerda, e que todas as mañáns fixera unha cura de plomada, que consistía en ter esta diante do nariz, ben fixa, e ollando para ela unha media hora.

—Entón, señor Estebo, ¿non son o primeiro caso?, preguntoulle Marcelino ao menciñeiro ao ver que tan axiña o poñía en tratamento.

—¡Non home, non! O que pasa é que son casos que andan mui calados.

Pro non lle explicou a Marcelino o por que. Nas primeiras semáns a cousa iba mui ben, pro axiña

volveu a cabeza a querer xirar, maiormente de esquerda a dereita. O señor Estebo avisou a Marcelino de que estaba en perigo de morte, porque si a cabeza tomaba pulo e daba unha volta enteira, que se lle faría un nó na gorxa, e caería afogado. Determinaron delambos chamar ao carpinteiro do Pontigo, o cal fíxolle a Marcelino un casquete de madeira de abidueira, que é mui lixeira, e que descansáballe nos hombros, impedindo a volta da cabeza.

O señor Estebo explicáballe ao Marcelino que si se lograra que a cabeza non dese máis que media volta á esquerda, poño por caso, entón Marcelino podía ganarse a vida nos teatros e nas óperas do mundo, que sería caso de público, amosando certificados de médicos de Francia e de Río de Janeiro. Rico e célebre, igual namoraba á Chelito, que era a muller que máis lle gostaba de todas, desde que a vira na Cruña nun salón, polas festas de María Pita.

—¿Seguro que morro si a cachola dá unha volta enteira?

—Pro a volta enteira non che sirve de nada, aínda que non morreras, que quedarías no natural.

—¡Si puidese estar seguro de que a cabeza miña se contenta cunha media volta para sempre! Igual me xogo a vida deixándoa xirar e logo resulta que xa hai outro fenómeno por aí adiante.

E desde lle viu este pensamento, o que son as cousas, a cabeza de Marcelino Salgueiro deixou de querer xirar.

## Lisardo Montes

Estudara tres ou catro anos no Seminario de Lugo, pro entroulle algo de mal ao peito e veuse para a súa casa do Formigueiro. A casa dos Montes estaba soia, arredrada un pouco do camiño, e máis abaixo, da outra banda do rego que chamaban das Cubas, estaba a casa dos Vinculeiros. O señor Daniel dos Vinculeiros fíxose mui amigo de Lisardo Montes, pesie á diferenza de idade. O señor Daniel andaba polos setenta e Lisardo aínda non cumprira os trinta. Lisardo iba a Lugo, e sempre traguía un feixe de xornais e revistas que lle daba un primo de seu empregado na limpeza do Círculo de las Artes. Lisardo explicáballe como iba o mundo ao señor Daniel. Tamén lle contaba historias que aconteceran en Lugo cando el era seminarista. Un día, mui en confianza, contoulle que estivera a punto de ser fámulo do señor bispo, pro como tusía tanto, que nono quixeron no pazo. O señor bispo era un home mui alto, que falaba polo ese. O bispo afeitábase todos os días por man dun barbeiro que era sacristán de frades, e home mui burlento. O bispo, en canto lle enxabonaban a cara cunha espuma de pasta que lle viña de Barcelona en botes de kilo, adormecía. E entón o sacristán bailaba diante do bispo, sacáballe a lingua e botaba man ás súas partes decindo mansiño:

—¡Quiquiriquí!

E nunha destas, o bispo despertou, e ollou ao barbeiro e sacristán que bailaba flamenco, o brazo dereito en alto e co esquerdo erguendo a chaqueta sobre o cu. O bispo brincou do sillón alporizado, e colleu unha das navallas, que eran da súa propiedade, e si o barbeiro non fuxe, hai un caso de morte de home a mans dun bispo. O barbeiro foise de Lugo unha tempada, e o bispo afeitábase pola súa man. O curioso era que tiña que enxabonarse sentado, porque enxabonándose adormecía; logo despertaba, dábase outra man, e xa podía pasar a navalla. Un día de San Francisco o bispo foi de visita aos frades cos que estaba de sacristán o barbeiro das burlas, que xa retornara do desterro, e aínda que se escusaba entre unhas mulleres e os dous leigos, que eran dous gordos colorados, o bispo ben o viu, e foise cara el, irado. Pro no camiño debeu de virlle a razón da calma que pedía o seu cárrego, e detívose a unha vara do sacristán. Pro eu e os que estabamos perto ben escoitamos como o bispo lle dixo ao burlento:

—¡Maricón!

O señor Daniel dos Vinculeiros nono creía.

—!Pareceuvos que dixo iso, pero diría outra cousa! Verbigracia, excomunión...

—¡Non e non!, insistía o Lisardo. Díxome en latín maricus mariconis. ¡Aínda non se me esqueceu de todo o meu latincillo do Seminario!

—Si o dixo en latín, amigo Lisardo, pase, pro aínda así...

O señor Daniel meneaba a cachola e íbase pensativo para a súa casa, que comenzaba a choviñar. Ao día seguinte buscou a Lisardo que estaba segando no prado.

—¿Seguro que é do latín eso de maricus mariconis? Máis ben parece galego de burla...

—O galego é fillo do latín, e os fillos aseméllanse aos pais, retorcaba Lisardo.

—¿E como se dice cabrón en latín?

—¡Capro capronis!, respondeu Lisardo.

—¡Tamen é teima a do latín en semellarse ao galego!

Aquel verán o señor Daniel foi a baños quentes a Lugo, e ao volver á aldea atopouse que o día antes déranlle terra ao Lisardo. Estaba na eira axudando a capar dous porcos, cando lle veu un vómito de sangue, e quedouse nel. O señor Daniel quedou como orfo, sin aquelas conversas. Pra paliar a falta delas dalgún xeito, suscribiuse ao “Progreso”. E cadrou que á semán de comezar a recibir o xornal, enterouse por este que se finara o bispo de Lugo. Quizaves fora o mesmo do que estivera a punto de ser fámulo seu amigo Lisardo, que en paz esteña descansando. E vai o señor Daniel e vestiuse do millor, e foille ao enterro ao bispo. Aínda chegou a tempo de ver o cadavre embalsamado no ataúde, na capela ardente. A cara fraque, cadrada, morto estaba, pro a boca mesmo parecía que iba soltar fala. Si, parecía que si houbera morto cando iba decir algo. ¿El que querería decir o señor bispo de Lugo denantes de dar a alma a Deus?

O señor Daniel tentaba pór a boca súa como estaba a boca do bispo. Pareceulle que ao fin o conseguía, e falou. E saíulle o latín célebre:

—¡Maricus mariconis!

—¡Vaia, home! —comentaba para si o señor Daniel—. Mira o que lle durou a rabexa ao bispo de Lugo.

## Braulio Costas

Era conocido polo Cazoleiro, porque o era. Millor dito, fora, que agora, por mor do reuma, deixara a roda. Púxoselle doente un neto, un lourriño gracioso, e o señor Braulio fixo unha figuriña en barro que se asomellaba ao neno, e levouna aos Miragres de Amil. O neno sanou. Algúns iban pedirlle que lles fixera un brazo, unha cachola ou un pe de barro, que coidaban que estas figuras de man do señor Braulio eran máis de postín que non as de cera. O señor Braulio meneaba a cabeza negativamente e decía:

—¡Ese non é un caso desesperado!

E non facía o exvoto que lle pedían. Outras veces, sacaba outras razóns:

—¡Aínda fai dúas semáns que fixen un brazo a un de Amoeiro para que llo levase a San Cosme!

¡Non vou estar amolando cada día ao santo coas miñas recomendacións!

Que o santo sabía que o exvoto era obra do antigo cazoleiro, que non había peza que non firmase. Por exemplo: “A San Roque, de parte de este seguro servidor que besa su mano Braulio Costas”. Nin máis nin menos, cunha letra redondiña que facía cun punzón denantes de cocer a peza. Ás veces dáballe brillo ao exvoto, con barniz de Linares.

Cando se lle morreu a muller, a señora Casilda, fixo unha figura dunhas dúas cartas de alto, que todos decían que mesmo era a señora Casilda, medio inclinada á esquerda coa súa perna coxa, e ao andar adiantando bastón. Levou a figura ao camposanto, e suxeitouna mui ben á lápida do nicho, que foi mui visitado. Cando morría alguén na aldea, ou noutras veciñas, non faltaba quen lle fose pedir unha figura do finado ao señor Braulio, pro este negábase a facela, decindo que hai cousas que soio se fan unha vez na vida, e choraba lembrando á súa Casilda. Aínda que se negaba, seguíanlle pedindo figuras, porque tiña fama de cambiante. Un día fixo unha figura dun neno, un anxo con abertas azas na espalda. Morrera o fillo duns veciños, un neno de sete anos, moreniño, mui desperto. Braulio foi levar el mesmo a figura ao camposanto, e púxoala no nicho do neno con tanto cuidado como fixera no seu coa figura da señora Casilda. Os pais no neno Manoliño foron darlle as gracias ao señor Braulio, e este díxolles que saíndo da eirexa da misa do patrón, San Martiño, o Manoliño estaba comendo unha rosca, e a súa tía Fermisa

pedíalle por risa que lle dera unha bocada, pro o neno negábase. Pro vendo ao señor Braulio no adro, correo a el e doulle media rosca, decíndolle.

—¡A ti, doucha!

E en lembranza daquel regalo, o señor Braulio fixo a figura de Manoliño. Foi a derradeira que fixo. Pasou unhas semáns na cama, con grandes doores, e dous días denantes de finarse díxolle ao seu sobriño e herdeiro Marcelino:

—Cando xogaba ao tute, si me viña o cabalo de copas, era seguro que ganaba. Varias veces estiven tentado de facerlle unha figura, pro pensaba que si perdía a figura do cabalo de copas ou ma roubaban, e o xogador que se facía con ela lla levaba a San Cosme, poño por caso, este ao ver a miña firma había decir: “¡Mira en que compromiso me pon o señor Braulio, ter que darlle a sorte no xogo a este trampa!”.

O sobriño secáballe as bágoas e sonábao, e prometíalle ir ao San Cosme do Monte a decirlle ao santo que si se presentaba alguén cun cabalo de copas en barro, que non era de man do señor Braulio, aínda que levase a firma.



## Pedro Bravo

Era un tipo pequeno, algo picado das vexigas, e as orellas mui roidas polos sabañóns infantís. Vivira na Habana e en México, traballando en moitos oficios. Cando na barbería ou na taberna contaba das súas viaxes e das súas aventuras facíase a seu redor un corro de atentos ouvintes. Contaba mui ben, dibuxando con delambas mans no áer personaxes raros que conocera. Saíanlle mui ben, con moitas redondeces, as señoras. Por exemplo, unha húngara que vivía na mesma fonda que el, en Veracruz. Era unha muller mui gorda, mui branca, e as mans de Pedro non se non cansaban de facer curvas. Un día a húngara tivo moita febre e chamou a Pedro. Estaba na cama, cunha pelerina amarela. A húngara era domadora de pulgas, e traballaba no teatro que chamaban de don Porfirio, e coa febre que lle viñera, non ousaba dar de xantar ás pulgas no brazo dereito, como soía, porque tiña medo de que enfermasen e morresen. E valían un capital. A húngara, que se chamaba condessa Mistla, pediulle a Pedro que se prestase a darlle ás pulgas xiquer o almorzo. Pedro quitou a chaqueta e maila camisa, e puxo o brazo. A húngara fixo pasar a este as pulgas, que estaban nunha caixiña de cristal. As pulgas dominadas eran vinte e oito, entre as que tiraban, como cabalos, dunha carroza, e as que sabían columpiarse, e todas comeron no brazo de Pedro, quen andivo dous días amolado cunha grande picazón no sitio do banquete pulgar. Os veciños de Pedro non lle creían esta historia da domadora de pulgas, pro un día no que estaba axudando a parir unha vaca na corte do crego, e había varios presentes por si había que botar unha man, o veterinario dixo que cando fora de lúa de mel a Barcelona, que no Circo Olimpia anunciábase unha alemana con oitenta pulgas domadas. Pedro, en agradecimento ao veterinario por esta axuda, agasallouno cun pipote de viño tinto da súa colleita.

Contaba Pedro que en México capital estivera empregado nunha confitería, que era dun de Avión, que se casara cunha china. A confitería era famosa porque non había outra en México que fixesen tan bons merengues de leite de burra como “La sonrisa de Pekín”, que así se chamaba a confitería. O de Avión, Marcelo Calviño, tiña que estar sempre decindo que non ao señorío da capital federal que lle pedía a receta daquela merengada. Marcelo xuráralle á muller non dicir a ninguén o segredo daquela obra. Os

merengues encortezaban mui ben, cun fino dourado, e por de dentro eran cáseque líquido, branquísimo. Pedro Bravo andaba mui curioso da fórmula dos merengues, por si un día, cos aforros, poñía unha confiería en Pontevedra. E cando menos o pensaba descubriu o segredo. A china, que se chamaba Li, e era mui bonita e ben feita dentro de sere china, cando iba facer a merengada, denantes de bater as claras e engadir o leite de burra, traguía ao máis pequeno dos nenos da familia, e sempre había algún que andaba mamando, poñíao a mexar no leite, pouca cousa, pouco máis que un vasiño. E este era o segredo dos merengues de “La sonrisa de Pekín”.

Pedro deixou a confitería para irse cun francés que faguía cometas de papel, “cervos voantes” como el decía, e andaban os dous a vendelas polas festas. Cando xa tiña decidido retornar a Galicia, atopou a seu antigo patrón, o de Avión, sacando billete na mesma axencia de viaxes onde el iba a interesarse polo que lle costaría o seu.

—¡Vou pasar un mes no Carballiño comendo pulpo!, díxolle o de Avión.

—¡Moito deron os merengues pekineses!, comentoulle Pedro.

—¡Pois éche do máis decente que se fai naquela casa!, respondeu o de Avión.

## Novagildo Andi3n

A verdade 3 que na pila bautismal d3ranlle o nome de Leovixildo, pro o de Rexistro e maila familia entenderon Novagildo, e con este nome andivo polo mundo. Eu conocino cando xa cumprira os corenta, e era dono dun vello autob3s co que iba a feiras e mercados. Moitas veces levaba nel m3is porcos, do cordel ou de ceba, que pasaxeiros, e por abril e maio, 3os e cabritos. Cantaba namentras guiaba polas estradas que levan a Lugo, a Mosteiro, a Castro, a Villalba, a Meira. Tam3n era solicitado Novagildo co seu autob3s para levar xente aos enterros nas parroquias veci3as, e recoll3a no cami3o aos se3ores cregos que iban dicir a misa ou acompañar no funeral. Antes de emprender o viaxe, Novagildo ti3a que agardar a que cheguese un tal Xos3 Cabido, de mote Reverte, co seu armonio port3til. Xa na eirexa, Novagildo sub3a con Reverte ao coro. Reverte ensi3oulle a Novagildo un “De profundis” e un “Plorans”, que este cantaba en soio, e todos os que o ouv3an estaban contestes que non hab3a outro cantor en toda a Pastoriza e na Terrach3. Reverte, que xa iba vello e quer3a retirarse, ensi3oulle tam3n a Novagildo algo de armonio, e Novagildo amosou moita disposici3n para o teclado. As3 que retirado Reverte, que agora estaba preso dos cadr3s, comezou Novagildo a ser quen ilustrase musicalmente os funerais. Cando estes cadraban con feiras ou mercados, Novagildo mandaba o seu autob3s conducido por un curm3n.

Por poucos cartos, Novagildo mercou o viol3n que fora do cego de Alvite, e adeprendeu nel dabondo para acompañar unhas historias de crimes, algunhas das caes p3xenllas eu en verso, como a do crime do Correo de Andaluc3a e a da espantosa morte dunha viuda en Venta de Ba3os. E un d3a calquera, sendo feir3n en Villalba, Novagildo, as3 que desembarcou o porcino, p3xose nunha esquina co seu viol3n, e tocando o que sab3a, cantou con fermosa voz. Unha sobri3a s3a vend3a as letras e pasaba o plati3o. E dende ent3n, en toda feira ou mercado ao que iba, Novagildo, aparcado o autob3s, tiraba de viol3n e seguido da sobri3a iba aos seus crimes. Sacoulle moitas pesetas a un crime que houbera en Barcelona, e o criminal fora un tal Ricardito, o cal foi descuberto porque en vez de escribir Zaragoza, co zeta, escrib3a Saragosa, co ese. Novagildo sacaba un letreiro no que se ve3a a diferenca. Nese crime hab3a tam3n un fulano que cantaba unha xota, e Novagildo d3balle como si fose baturro.

Un día, no San Froilán de Lugo, foi ao cine coa muller a ver unha película co afondamento do “Titanic”. E contáronme que andaba como tolo buscando quen lle puxese en verso aquela catástrofe. Pero nono atopou, e eu vivía daquela en San Sebastián. Anos máis tarde, bebendo un vaso na rúa da Cruz, en Lugo, contábame de como o “Titanic” chocaba co iceberg, e nun cartel que mandarían pintar veríase a marcha de mulleres, todas con colares de brillantes e pérolas, e un home cunha linterna de man acesa, buscando entre elas á súa amante.

—Este da linterna non saía na película, que o inventei eu, decíame.

Botaba un grolo, limpábase os beizos na bocamanga e comentábame:

—¡Ese da linterna faría chorar ás pedras! ¡Chorei eu cando o inventei!

E agora mesmo choraba, ao lembrarse del.

## Anxeliña de Prado

Anxeliña de Prado quedara enaniña. Era mui redonda de cara, mui graciosa sorrindo, tiña os ollos azúes e toda ela era mui ben feita, e mui saída de peitos para a súa talla. Vivía na casa patrocial coa súa nai e un irmán casado e con fillos. Nona deixaban ir traballar ás leiras, nin siquer ir a segar herba ao prado, eso que tiña unha fouzaña axeitada á súa pequenez, e por todas labouras na casa tiña o planchado e muxir a cabra. O pai, o señor Miguel de Prado, que en paz descanse, quixo que Anxeliña adeprendera bordado, e mandouna a Pontevedra, onde a ensiñaron na “Singer”. Tiña moitos encárragos de veciñas, especialmente das mozas que iban casar e estaban facendo o equipo. Foi medrando a súa fama de bordadora, e hastra de Lalín lle chegaron clientes. Un día de setembro morreu un curmán seu da cornada dun boi que deixaran tres ou catro horas ao sol, e vai Anxeliña e nuns minutos e con fío mouro, bordou nun pano branco estas sentidas palabras:

—¡Adeus! ¡Agárdovos a todos no Ceo!

E puxéronlle ao finado un pano derriba das mans cruzadas sobre o corpo, de xeito que todos os que iban dar o pésame e os que fixeron o velorio, puideran ler aquela despedida. Gostou a todos a novidade, e cando había morto na parroquia, iban correndo os parentes do finado a encarregarlle a Anxeliña o pano consabido, coas verbas bordadas que deixaba dito o morto. Anxeliña xa tiña preparados panos cunhas violetas miudas, e por si o morto era neno, outros panos con cacholiñas de anxos, con azas, e letras que decían “Adeus papá e mamá”, por exemplo. Pro tamén os avós, os tíos, os padriños, os irmáns querían figurar nos adeuses, e houbo neno morto que tivo nas mans tres ou catro paniños bordados nos que se lía “Adeus meu padriño” e “Lembrádevos de min, irmáns queridos”. Anxeliña de Prado ganaba mui bons cartos, que ademais un de pompas fúnebres de Vilagarcía dixéralle que as cousas que tocan a difuntos sempre se cobran demais. Este das pompas explicáballe a Anxeliña que si se puxese de moda en Pontevedra e en Vigo, e en Galicia toda, o choio dos panos de adeus, que el faría millonaria a Anxeliña. Claro que el levaría comisión.

Nembargantes, o traballo de Anxeliña non deixa de ter as súas incomenencias. Por exemplo, unha

viuda foi encarregarlle un pano para pór nas mans do seu home, e quería que o bordado dixese: “Perdóname los engaños con María do Souto, esposa querida”. Anxeliña negouse, cantimáis que aquela María é curmán súa, e avisou aos fillos do difunto, e todo o bordado quedou en “Perdóname, Manuela”. Un “perdóname”, eso si, mui froleado. Cando se finou o señor Benito de Lousada, que andaba polas tabernas decindo que fora masón en Montevideo e creía na transmigración das almas, súa irmá foi ver ao cura.

—Benito quería que no pano lle puxese Anxeliña un bordado que dixese: “Deica a volta, compañeiros”. ¿El que lle parece?

—¡Non me parece nada! ¡O que debía deixar dito era como íbamos saber que era Benito aquel recén chegado! ¡Igual volve de can!

E vai a irmá e encarregou outro pano, que decía: “O caso é volver”.

## O loro das Esmelgas

Eu fun mui amigote de Felipe das Esmelgas. Xa seu pai e mailo seu avó apodábanse das Esmelgas, e quizaves temén seu bisavó e seu trisavó, porque acaeríalles mui ben o esmelgar. En Abeirón, na cara do sol, ao abrigo do norde, son moitos os trobos, ao arrimo dun cómaro ou dos grandes chantos de pizarra que pechan unha chousa. Un da familia dos das Esmelgas, que andivo polo Brasil, trouxo un loro, un lorito real e non se falou de outra cousa, durante algún tempo, en toda a bisbarra. Era o lorito un grande falador en portugués, e o señor cura de Moade, don Paco Silvestre, quería poñer a proba a súa elocuencia, ensiñándolle uns versos de Virxilio, naturalmente que en latín. O loro adiantaba pouco, que a cada momento estaba berrando:

—¡Eu son Café Filho!

Café Filho era un político mui conocido no Brasil, e fixérase rico porque lle tocara dúas veces o bicho, que é unha lotería de Río de Janeiro. No ano 1921, o lorito comezou a enflaquecer e a tusir.

—Parecía que estaba floxo dentro da roupa, decíame Felipe das Esmelgas. ¡Vaia, dentro das plumas!

Pasou por alí un médico de Meira, e fixérono subir ao comedor da casa a que vira ao loro. O médico dixo que era cousa do frío e da humidade. O señor cura sospeitaba que o loro estaba tísico. Había que levalo a un sitio alto e seco, lonxe das brétemas meiregas. Don Paco Silvestre escribiulle unha carta ao cura de Panticosa, no Pirineo aragonés, onde había un sanatorio mui famoso, ao que tiñan ido varias señoritas dos Pardo de Balmonte. Don Paco Silvestre ofrecíase a pagar seis meses de pensión completa polo loro, pro denantes de que chegara resposta de Panticosa, Café Filho caíu redondo da percha ao chan. Os das Esmelgas quitáronlle unhas plumas verdes e marelas, que puxeron nos sombreiros dos domingos, e meteron ao finado nunha lata de doce de mermelo de Puente Genil, e enterrárono decentemente perto da porta do camposanto. Os das Esmelgas, visto o amor que don Pedro Silvestre lle tivera ao lorito, trataron de que dixera unha misa pola alma de Café Filho, pro o crego resistiuse, e ao final dixo que non tiña licencias para tanto. Ao enterro asistiu moito público, e como si se tratase dun

finado da familia, deron esmola de pan. ¡En paz descanse Café Filho! E don Paco Silvestre, tan latinista, lembrando a Cicerón cando foron executados os catilenarios, comentou choroso:

—¡Fuit!

Agora en Moade cambiaron de lugar o camposanto, e ao desmontar as pedras da portalada, que vai ser a mesma do camposanto novo, atoparon a caixa de pasta de mermelo, e dentro dela un puñado de po marelo, restos do loro. Levaron a lata á entrada do camposanto novo, e puxéronlle unha lusa derriba. En Abeirón e en Meade, hai moitos veciños que saben frases en brasileiro, porque llas escoitaron a Café Filho nas tertulias das anoitecidas do outono. E si había algunha rapaza nova por alí, que fose agraciada de cara e amosase algo as pernas baixándose a coller unhas cacholas de nabo, o lorito, con puro acento baiano, como si fose un humano galán, piropeaba:

—¡Meu anjo! ¡Meu bem! ¡Eu gosto muito de você!



## Paulino de Botas

Fóronse finando todos os grandes cazadores do país, e quedou sin facer o censo. Denantes había un cazador en cada parroquia, pro agora hai vinte escopetas e ningún cazador. Xa non se contan historias de mérito de cazadores no monte, como esta que eu digo de Paulino de Botas. Ese Paulino tiña muita sona por Portomarín, Chantada e Sarria. Era pequeno, delgado, mui medrado de orellas, algo chisco do ollo esquerdo e lucían na dianteira da súa boca catro dentes de ouro. O primeiro ano que saíu ao monte cos seus dentes de ouro, decatouse de que estos delatábano. O sol dáballes neles e brillaban, e as perdices, vendo de lonxe aquel relume, íbanse. Pra poder cazar algo, tiña que tapar os dentes cun papel de fumar “El rey de espadas”, que lle parecía o máis tupido. Estaba Paulino a carón dunha xesteira, agardando a que lle botase as perdices o seu can Marón, que era un perdigueiro de Burgos mui ben ensinado, cando Paulino escoitou que lle falaban dende detrás dunha pena. Era unha perdiz. Esta quería que Paulino pousase a escopeta no chan, e que quitase o papel de fumar que lle cubría os dentes de ouro, e que se puxese cara ao sol, coa boca aberta. Que había grandes discusións entre as perdices de Asma e de San Fiz sobre si eran en verdade de ouro ou non os dentes do cazador.

Paulino dixo que si, vista tal curiosidade, deixou a escopeta na herba, e abriu a boca cara ao sol. Acudiron dúas ducias de perdices a admirar os dentes de ouro, e algunha subiu aos xoellos do cazador por ollar os dentes máis de perto.

—¡Muitas gracias! ¡Séntanche mui ben!, dixo a perdiz que falaba.

E o bando perdigueiro foise voando monte abaixo, cara ao Miño.

O que preocupaba a Paulino, e consultouno con xente de saberes, era si en verdade as perdices falaban, e en cál idioma. A el parecíalle que a perdiz que lle pedira que amosase os dentes, lle tiña falado en galego. Seu pai cazara con reclamo de perdigón e caña oca, e as perdices atendían. Ao millor as perdices usaran con el esta arte, soio que de parte de perdiz a cazador...

Paulino seguía cazando, e cando o seu can Marón lle paraba algunha perdiz, antes de tirarlle o gran cazador preguntáballe si lle quería ver os dentes de ouro. Si a perdiz decía que si, Paulino pousaba a

escopeta e amosáballos. Si a perdiz non lle facia caso, entón Paulino disparaba mesmo con rabia.

—De todas formas, comentaba aos que lle decían que agora traía poucas perdices das súas cazatas, como non me desprecien os dentes de ouro abertamente, non lles tiro. Agora adícome máis ao coello. ¡Paréceme que coas perdices teño algo máis de intimidade!

## Bastián de Cornide

Traballaba en Barcelona nun taller de carrocerías, e téndose mercado unha chaqueta azul e máis un pantalón gris e media ducia de corbatas, botouse unha moza murciana, que se chamaba Fuensanta. Bastián era alto e máis ben fraque, e a murciana pequena e regordeta. Era mui aloumiñadora e caladiña, e sempre lle estaba decindo a Bastián:

—¡Cóntame algo de novo!

Bastián era tamén máis ben calado, e poucas cousas tiña que contar como non fose da súa aldea de Cornide, de seu irmán que era un gran pescador miñoqueiro, das vacas, de ir bañarse no verán ao río, da feira de Monterroso e do pulpo, dun tolo que escoitaba o que decían as salamanquesas, e da sementeira e das colleitas, e dos paxaros do país, aos que imitaba mui ben, comenzando polo xílgaro. A murciana, por isto da imitación dos paxaros por parte de Bastián, decía aos paisáns que tiña un noivo músico. O que máis extrañaba Fuensanta da aldea de Cornide era que alí non deran as sandías nin se fabricase pimentón. A murciana, escoitándolle a Bastián como se preparaba o pulpo nas feiras, comentaba que, si xa casados, montaban eles un negocio de pimentón en Cornide, que podían surtir a Galicia toda e facerse ricos. Tanto pensaron no pimentón e no solazadamentes que vivirían, e as viaxes que farían en vacacións, e tanto se abrazaban e bicaban cando lle descubrían unha nova ventaxa ao negocio, que a murciana tivo un neno. O neno naceu cando xa lle tiñan mandado á Fuensanta dende a súa Murcia natal un catálogo de pimentos, coas instrucións para o cultivo. O neno naceu cunha mancha na meixela esquerda. Unha mancha roxiza, do tamaño dun peso, e en forma de pimento morrón.

Bastián dibidaba entre casarse ou non coa Fuensanta, porque el quería voltar á súa aldea, que estaba canso de Barcelona, e uns tíos de seu escribíanlle ofrecéndolle deixarlle dous lugares. Pro a murciana non estaba disposta a vir a Galicia si non se montaba en Cornide a fábrica de pimentón. Unha teima como outra calquera. Bastián, considerando o da mancha da meixela do neno, díxose que non era bon que aquel crío medrase sin pai. Houbo boda, con muita asistencia de murcianos e muita guitarra. Bastián tiña convencida á Fuensanta de irse vivir a Cornide, e que xa alí verían si se daban os pimentos ou non, e si

era rentable fabricar pimentón. Ao fin, e como estaba preñada de segundas, cedeu a murciana. Gustoulle Cornide, que está nun alto, e por eso non podía haber inundacións do Segura, as que tanto a asustaran de nena no seu pobo de Murcia. Plantou pimentos, que non se deron mui ben, e co que sabía da arte de facer pimentón, logrou así como media libra para o consumo da casa. A murciana tiña unha certa disposición para o dibuxo, e con lápices de coores fixo unha especie de etiqueta que colocou arredor do bote no que gardaba o pimentón caseiro. A etiqueta decía: “Pimentón doce de Cornide. Marca El Niño del Pimiento”. E arrodeado polo letreiro, aparecía o neno, coa súa cariña redonda, e na meixela esquerda un pimento morrón, que lle chegaba cáseque dende a orella ao bico. Na festa do patrón, sacaron o bote á mesa, e a murciana foi mui felicitada, e chorou.

## Tristán García

Este Tristán do que conto nunca soupo por que lle puxeran este nome no sacramento do bautismo, nin conoía a ninguén que se chamase como el.

Un tío de seu que traballaba como camareiro nun restaurante mui famoso de Lisboa, decíalle que en Portugal conoía a dous ou tres cabaleiros dese nome, e que todos eles eran ricos. Tristán foi cumprir o servicio militar a León, e alí, un día, nun quiosco, mercou por dous réas “La verdadera historia de los amantes Tristán e Isolda”, cos namorados mui abrazados na portada do folletín. Ao fin iba saber quen fora aquel Tristán cuio nome levaba. Cando chegou ao final da historia, coa morte de delambos namorados, Tristán García verqueu unhas bágoas. E dende aquela deu en matinar que andando el polo mundo atopaba a unha muller chamada Isolda, e gostábanse, e facíanse noivos, e casábanse, e vivían mui felices en Viana do Bolo, de onde Tristán era natural. A todos os seus compañeiros do Reximento de Burgos 38, preguntáballes si por un casual habería no seu pobo unha rapaza que se chamase Isolda. Nona había. Había algunha Isolina solta, pro Isolina non era o mesmo que Isolda. Tristán doíase de non dar con esa Isolda, porque si nona atopaba agora en León, onde había tanta familia, nona iba atopar en Viana do Bolo, traballando na terra. Un día mandouno chamar un sarxento chamado Recuero.

—¿Ti eres ese que andas coa teima de atopar unha muller que se chame Isolda?

—Si señor.

—Pois en Venta de Baños hai unha viuda dese nome.

—¿Nova ou vella?

—¡Que sei eu! Coido que é churrera...

Tanto tiña metida no seu maxín o noso Tristán a novela famosa, que non puido dubidar de que aquela Isolda de Venta de Baños fose nova e fermosa. En todo caso, si era vella, tería unha filla ou unha sobriña que a seguise no nome, e si era churrera como ela podía seguir co negocio en Ourense ou en Viana, onde xa era hora que deran nos bares chocolate con churros. Tivo Tristán un permiso, e cos vinte pesos que tiña aforrados tomou en León o tren para Venta de Baños. Xa naquel empalme preguntou pola churrería da

Isolda. Estaba a churrería perto da estación. E a señora Isolda era aquela que estaba envolvéndolle uns churros a un señor cura. Era unha velliña co cabelo branco, fermosos ollos negros, e pel tersa, as mans mui graciosas pondo os churros no papel de estraza e espaxando o azucre por derriba deles. Tristán dubidou entre falarlle ou non, pro xa levaba gastadas corenta e sete pesetas no billete de ida e volta.

—¡Bos días! ¿Vostede é a señora Isolda?

—¡Servidora!, respondeulle a velliña, sorríndolle.

—¡É que eu son Tristán e viña a conocele!

A velliña pechou os ollos, e agarrouse ao amasador para non caír. Bágoas rodaban polas súas meixelas.

—¡Tristán! ¡Tristán querido!, puido decir ao fin. ¡Toda a miña mocidade agardando a conocer un mozo que se chamase Tristán! ¡E como non viña, caseime cun tal Ismael, que era de Madrid!

Tristán saludou militarmente, e despacio volveuse á estación a agardar o primeiro tren para León. Cando este chegou e Tristán subía ao vagón de terceira, apareceu a señora Isolda, con un paquete de churros. Doullo a Tristán e bicoulle a man. Non se non dixeron nada.

Cousas así soio pasan nos grandes amores.

## Don Felicio escribe dende o outro mundo

A casa dos Pardo, en Lourido, construíraa don Felicio a finais do século pasado, unha boa casa, de pedra, cunha grande solaina, por baixo do bosque, e dende a casa ao río, unha horta con cerdeiras e mazaeiros. Pro don Felicio finouse sin estrenala. Fai aínda poucos anos que os netos lograron que en Lugo lles fixeran unha ampliación da fotografía que a don Felicio lle sacaran na Cruña cando chegou da Habana por segunda vez: traxe claro, e sostendo o sombreiro panamá sobre o xoenllo dereito. E nunha cómoda, debaixo da fotografía ampliada, puxeron a escribanía de prata meneses de don Felicio: unha escribanía con tinteiro, vaso para a area secante, e pluma imitando pluma de ave. Pro todo esto pasou despois do que lles vou contar.

Manuel de Seixo, neto político de don Felicio, tiña na súa habitación unha mesiña, na que estaba, sin limpar, debaixo de periódicos vellos, a escribanía de don Felicio. Unha noite, o Manuel despertou, que lle pareceu sentir que un rato estaba roendo papel na mesa. Non era tal. O Manuel acendeu a luz, e o que veu foi que a pluma saírase da escribanía e estaba escribindo soia no papel de barba que Manuel tiña para facer unha instancia suplicando que lle concederan unha parada cabalar, que era a ilusión da súa vida. Todos os anos mandaba a instancia a Valladolid, e todos os anos lla devolvían cun selo que decía “Denegada”. A pluma, ao decatarse de que Manuel ollaba para ela, volveu ao seu sitio na escribanía. Pola mañán Manuel consultou o asunto coa muller e mailos cuñados, e todos sospeitaron que ben puidera ser don Felicio o escritor. Levaba sesenta anos morto, pro ben podía ter agora mesmo algo urxente que decir aos descendentes, e permiso de quen mandase onde estaba para decilo. Limpáron a escribanía, puxeron tinta no tinteiro, á pluma plumiña nova de coronilla, e ao carón un caderniño de papel de barba. Establecéronse turnos de vixilancia nocturna, e á quinta noite, e estando a neta Eduvixis de garda, alumándose cunha lampariña de aceite, a pluma saíu da escribanía e rasgueou rápida no papel, tras mollarse no tinteiro e sacudirse. Eduvixis despertou a toda a familia, e o Manuel leu en voz alta o escrito pola pluma: SOLADME LOS ZUECOS. En maiúsculas.

E ren máis. Nin firma nin rúbrica. Toda a familia preguntábase que zocos serían aqueles, e onde

estarían. Pasou unha semán de choivas, e unha mañán, indo a Eduvixis a soltar as galiñas e darlles unha parva de maíz, atopou un par de zocos vellos colgados na porta do galiñeiro. Estaban cochos, un sin amollón, e as solas con fendas, como cando, estando mollados, os que o usa se pon a quentar os pés con eles postos mui perto do lume. A familia limpou os zocos o que puido, mercou novos amallóns, e levounos a solar ao zoqueiro de Baltar. Os zocos eran de mui boa pel, e quedaron como novos con duas mans de manteiga e de betún. Pro, ¿que facer cos zocos? Acordouse deixalos onde foran atopados, á porta do galiñeiro. Deixáronos á anoitecida, e á mañán seguinte xa non estaban. Pola noite seguinte, a pluma volveu a traballar sin que ninguén a vira, deixando no papel esta palabra: GRACIAS, e sobre a palabra, media onza de ouro, de don Fernando VII. Unha das onzas que don Felicio decía sempre que tiña en reserva do patrimonio, e que non foran atopadas nunca, nin na casa vella, nin na casa nova...

Eu tiven a media onza nas miñas mans, un día polo San Martiño, no que fun convidado a xantar en Lourido. Sentado na solana con Manuel de Seixo, díxenlle que como non se paraban, nos seráns de inverno, a escoitar si don Felicio andaba por alí contando as súas moedas de ouro. Nunca tal fixera. Dícenme que toda a familia anda dende aquela medio tocada, descalza e caladiña pola casa, co ouvido posto no canto do ouro do difunto.



## Padín de Carracedo

Quedara torto do ollo esquerdo, que estando no vareo das castañas veulle un ourizo a el. Andivo algún tempo cubrindo o ollo cun parche de badana moura, e logo cunha especie de cuncha de pasta, de coor de rosa. Un oculista da Cruña díxolle un día que xa tiña o ollo ben curado, e que era cousa de pensar nun de cristal, que os había alemáns, que eran mui bos e nada caros. Chegada a ocasión, e tendo vendido na casa unha mula dun ano a un tratante de Palencia, e tendo na carteira o diñeiro que gastar no caso, Padín volveu ao oculista a escoller o ollo de cristal. Habíaos de todas as coores, cada un na súa caixiña, e o oculista sinaláballe un que era do mesmo coorido do ollo que dedaba, castaño claro.

—¡Ninguén vai decatarse do postizo!, decíalle o oculista.

Pro a Padín o que lle gostaba era un ollo da coor da violeta.

—¡Seguro que este acáeme ben!, decía Padín.

O oculista explicáballe que chamada a atención con dous ollos cada cal da súa coor, e que aquel violeta era un ollo raro, que el encarregara especialmente para a viuda dun coronel, pro que chegara tarde. A viuda morrera, e na agonía non facía máis que preguntar polo ollo. Por sete días de retraso foise sin el ao outro mundo.

—Entón, decíalle Padín ao oculista, daramo con rebaixa...

O oculista fíxolle a rebaixa pedida, e Padín chegou á casa súa co ollo da coor da violeta, ou millor dito da vinca pervinca, que era como decía un letreiro na tapa da caixiña: “Vinca pervinca L. Made in Germany”. Padín tiña xa trinta e catro anos e estaba solteiro. Co ollo violeta tivo un momento de popularidade na súa aldea, e aproveitouno para pretender á sobriña do señor cura, que sempre estaba lendo “El conde de Montecristo”, a escusado do tío, e nunca o daba rematado; millor dito, cando iba polo medio xa non se lembraba do comezo e tiña que volver ao primeiro capido.

Houbo boda, e ela, nos primeiros tempos do matrimonio, e como chiste, decíalle que a ver si os fillos que iban ter saían cos ollos do color ca vinca pervinca. Pro co tempo o desexo fóselle impondo nos adentros da mente. Padín, cada vez que llo decía na cama, apretaba nela, na Consolación, e tiña

aquelo por unha proba de amor.

Quedou en estado a sobriña do cura, e ao seu tempo tivo un neno cos ollos claros. Pro ela non desapidiu dun crío cos ollos azúes. Ao ano seguinte tivo unha nena cos ollos mouros, pro ao terceiro ano tivo outra nena, esta vez cos ollos coor da violeta ou da vinca pervinca L. Made in Germany. E Consolación explicaba a cousa mui ben: polas noites, cando Padín se botaba a durmir, metía o ollo nun vaso con auga, como lle recomendara o oculista, e entón iba ela, e aproveitándose do sono do marido, poñía o ollo sobre o seu ventre, precisamente no embigo. Foi consello dunha meiga dunha aldea veciña. Todo se sabe nas aldeas, e esto sópouse tamén, e a Consolación comezou a recibir en segredo a mulleres en estado, que querían ter fillos cos ollos da coor do ollo de cristal de Padín. Este viu que aquilo era negocio, e montou o que el chamaba “unha estación de servizo”. A preñada viña poñerse no ventre o ollo e durmía na casa. Por cada sesión nocturna, e o café con leite e pan de mañán, vinte pesos. Algunhas veces falla o experimento, pro moitas outras non, e xa había xogando nas eiras de por alí nenos con fermosos ollos da coor da violeta. Misterios dos antoxos das mulleres.

## Xosé Regueira

Dende os sete ou oito anos tiña todas as noites o mesmo soño, salvo que houbese ceado castañas cocidas con leite fresco, que entón tiña outro. O primeiro soño consistía en que aparecía a carón da súa cama un home con barba, o cal facíalle erguerse e levábalo en coiros a voar con el por derriba de Sobrado. E cando Xosé Regueira iba máis feliz voando da man do home da barba, este deixabao caír. E caía mesmo derriba da cama. A caída era verdadeira, pensaba Xosé Regueira, porque o golpe despertaba aos pais, que durmían na habitación veciña, e porque por tres veces rompeuse a cama, con aquel aterrizaxe violento. Co tempo, Xosé Regueira foi adeprendendo a non caír de golpe, senón planeando, co cal entraba mui suave na súa cama, que non volveu romper. Eso si, o planear costáballe o seu, que despois de pousar despertaba sudoroso e case sin respiración. O segundo soño consistía en que Xosé Regueira escoitaba falar, despertaba, ou creía que despertaba, e pola porta do carto entraba unha señora cubréndose cun paraugas, que dentro estaba chovendo como fora. De pronto escampaba, e a señora pechaba o paraugas. Sin saber como, Xosé Regueira atopábase pechado dentro do paraugas, e non podía salir de alí namentras non volveuse chover e a señora o abrise. Chovía, a señora abría o paraugas, e Xosé Regueira atopábase sentado no chan, a carón dunha pociña de auga. Da auga que escurrira do paraugas. Os pais acusábano de ter mexado por si, e algunha vez chegaron a pegarlle. Pro ben viron, co tempo, que aquela auga non eran mexos, que non cheiraba. Xa era Xosé Regueira un mozo de vinte anos, e seguía tendo delambos soños. Medrara muito, e era un tipo calado e preguizoso, mui espigado e preocupado polo seu pelo rizo. O de preguizo era debido a que se erguía mui cansado do que lle pasaba en soños. Os pais, cando a Xosé lle tocaba marchar para o servico militar, estaban mui aconsellantes con Xosé, que mirase o que ceaba, que sería unha vergonza que Xosé aparecese no chan no dormitorio do cuartel, a carón dunha pucharquiña de auga. ¿Como convencer ao coronel do Reximento que había unha señora con paraugas e que chovía dentro do dormitorio como fora? Xosé Regueira estimaba que era pouco doado que no servico tivese aquel soño, que xa sabía por outros que no exército nunca se dá de rancho castañas cocidas con leite fresco. Pro os pais ofrecérono a San Cosme e un vinteseite de setembro levárono á

romería. Xosé Regueira levaba un exvoto de cera que somellaba un paraugas, e fora feito de encárego en Santiago, que houbo que pagar o molde na cerería. O paraugas quedou aos pes do santo despois da misa maior, con vinte pesos de propina.

Aquela mesma noite, e por probarse, Xosé Regueira ceou castañas cocidas con leite fresca, e meteuse na cama a ver si San Cosme xa se enterara do seu pedido e o libraba da señora do paraugas. E así foi. En troques das falas acostumadas, petaron na porta cos cotelos e entrou na habitación Florita, unha veciña mui lucida, á que Xosé soía quedarse ollando, medio embobado. Florita púxose un dedo nos beizos, mandándolle silencio, e mui perto da cama, inclinouse sobre del e díxolle:

—¡Adiós, Pepiño! ¡Aquí te espero comiendo un huevo!

Cando volveu do servicio, Xosé Regueira, Pepiño, namorou á Florita, e casaron, cun fillo de adianto. Ela negou sempre que houbera ido ver a Pepiño na cama a decir aquilo de “aquí te espero comiendo un huevo”. Xosé tapáballe a boca coa man, e Florita tiña que calar.

## Pechado por defunción

Felipe Ribeira criárase cunha tía aboa súa, a cal lle contaba dunha fada que había nun monte veciño, conocido polo Castelo. Algunhas mañáns a fada saía ao áer libre e sentábase nunha pena redonda, tendo diante de si, sobre un pano verde, todo un tesouro de anelos, vasos e peites, todo de ouro e prata. Felipe foi ensinado pola tía aboa de que si un día iba polo Castelo e estaba a fada coa súa tenda ao sol, e ao ver ao rapaz mirar para ela e para o tesouro lle preguntaban con que quería quedarse, si coa tendiña ou coa señoriña, que non dubidase, anque a fada aparecese como unha vella enrugada e sin dentes, o nariz pingándolle e a pel chea de manchas mouras, en responder que o que el quería era a tendiña coa señoriña. E que si a fada, por noxenta que lle parecese lle pedía un biquiño, que llo dese. E así atoparíase dono do tesouro e asemade, e de por vida, coa amizade agradecida da fada, a cal pasaría de vella a moza, de fea a fermosa, e poríase diante del en toda a súa beleza.

Felipe debera nacer para soñador, e esta historia que lle contaba a tía aboa debeu de sere a gota que calmaba a cunca... Felipe erguíase de cedo e iba agardar a que saíra o sol no lugar do Castelo onde se contaba que poñía tenda a fada. Si non había escola aquel día, Felipe quedábase unhas horas no monte, velando niñadas nas silveiras, axexando o ir e vir dos coellos, e de vez en cando botándolle unha ollada ás penas da fada. Felipe andaba nos seus catorce anos medio distraído de todo, coa teima de que lle saíse a fada. Un domingo, polo San Xohán, foi madrugador ao monte, a ver si aquela mañán había sorte, e tumbouse nas penas, como acostumbraba, pro en vez de montar garda, adormeceu.

E foi aquela mesma mañán cando unha das penas mouras do monte se volveu branca e apareceu nela unha fiestra, á que se amosou a fada, que era unha neniña roiba, vestida de azul. Na mesma fiestra a fada puxo a súa tenda, tendendo o pano verde e pondo nel as cousas de ouro, que iba limpando cunhas fías. Felipe ergueuse de onde estaba tumbado, e quitouse a pucha, e quedou quietiño agardando a que a fada mirese para el e lle preguntese que quería millor si a tendiña ou a señoriña.

Pro a fada seguía colocando o escaparate, sacándolle brillo aos anelos, probando os peites na súa longa cabeleira moura. Si a fada nono miraba e non lle preguntaba, o Felipe nada podía facer. E a fada

parecía non decatarse de que alí estaba o Felipe. Este díxose que había que ter toda a paciencia do mundo, e deixouse estar coa gorra na man. E estando nesta agarda, veu vir a un de a cabalo, Castelo arriba, e era o mestre de Xove, un asturiano colorado, de pelo rizo, e que iba casarse coa filla máis nova do Maragato, que a namorara facéndolle fotografías artísticas. Unha destas deu moito que falar, que aparecía a maragatiña pasando o río coas pernas núas, e erguendo a falda deica a sufraxe. O mestre apeouse do cabalo diante da fiestra, colleu todo o que había no escaparate, meteuno nas alforxas, e volvendo a montar a cabalo entrou pola fiestra, que xa non era tal fiestra senón unha portalada ancha. A fada pechou a porta tras o xinete, e puxo un letreiro por fora denantes de pechar. A porta desapareceu, pro o letreiro estaba alí, na pena redonda.

O Felipe baixou de onde estaba a que estaba escrito naquel pedazo de cartón. Decía, en boa letra: PECHADO POR DEFUNCIÓN.

Felipe voltou para a casa dende o Castelo, triste e desconsolado, e nunca máis volveu erguer cabeza. Nin durmía nin comía, que non podía pasar bocado, por un nó que se lle puxera na gorxa. Non facía máis que mirar para o monte. Morreu a pouco, aos quince anos e seis días, tendo debaixo da almofada o cartel que decía PECHADO POR DEFUNCIÓN.

## O corvo Estanislao

Pepe de Vence sentárase a botar unha sesta sentado decontra o palleiro grande, cuberta a cachola e maila cara cun pano, e derriba o sombreiro, caído dende a fronte deica ao mentón. Pepe de Vence era o labrego máis rico do val de Romai, ou polo menos eso se decía a si mesmo cando iba de camiño ás súas leiras, aos seus prados, ás súas carballeiras, ou aos seus montes co rastro a carregar moido para as cortes.

—¡Coido que non hai outro máis rico que eu no val!, decíase en voz alta. ¡Como non haxa algún que se faga pasar por pobre e teña cartos escondidos!

Naquela sesta tan boa que estaba botando Pepe de Vence, despertouno alguén que lle petaba nas solas dos zocos. Abriu os ollos, e por ver quen era quitou do rostro sombreiro e pano. Era un corvo.

—¡Vaite, coño!, díxolle Pepe ao corvo. ¡Fai un mes que te atopo en todas partes!

—¿E en que me conoces?

—¡En que andas medio torto!

O corvo dixo que si, pro que non era por imitación e burla de Pepe de Vence, que tamén era un algo esguiado do lado dereito, e aínda se podía decir que coxeaba.

—¡Non por imitarte, xa que eres o máis rico do val, senón que ando doente!, dixo o corvo. E o andar tras ti, é que me puxo a réxime o médico de Silva. Vaia, non foi o médico. Foi que Xusto Cabaleiro foi ao médico, e eu estaba ouvindo todo. O Xusto ten o estómago desgastado, de tanto porco e tanto viño, e o médico díxolle que tiña que estar un ano a leite, carne da obriga cocida ou bistés á plancha, e así viñan pescantinas á feira de Cadavedo, algo de pescado cocido. Xa che dixen que escoitara todo, e resulta que todo o que lle pasa a Xusto Cabaleiro co seu estómago, pásame a min co meu.

—¿El é que teño eu que ver con iso? Con Xusto Cabaleiro tiveron un pleito por unhas augas e ganeino, e non me volví a falar con el.

—Non se trata de Xusto, home, que se trata de min. Chámome Estanislao, para servirte, e nacín por derriba das túas xesteiras de Abroso, e toda a vida miña paseina voando sobre as túas propiedades, e

ganando a vida nelas. E como eres o máis rico do val, eres o único que me podes axudar a manter por un ano o réxime para estómagos desgastados que pon aos doentes o médico de Silva.

—¡Nin que foras meu pai!, díxolle Pepe de Vence ao corvo.

—Veño a ti polas boas, Pepiño. Eu sei toda a túa vida, e onde te ves con Petra, a do peatón, e que levas de mirón ás partidas ao teu sobriño Cosme, para que faga señas dádoche o naipe do contrario, e que fuches de testigo falso a Lugo no caso dos paus que houbo en Remourelle, e que cobrache vinte pesos e comido e bebido... Podía porme a propalar todas estas faltas túas, pro son un corvo pacífico que quero sanar o meu estómago.

Pepe de Vence considerou o caso. O corvo estaba diante del, fraque, envellecido. Despois de todo, nacido por derriba das súas xesteiras de Abroso, e criado e mantido nas súas leiras, era cáseque da súa propiedade, cando non da súa familia. Pra sere o máis rico do val soio lle faltaba ser o dono do corvo Estanislao.

—Pois cala todo, díxolle Pepe ao corvo, e conta co leite, coa carne da obriga, co bisté á plancha, e si cadra haber peixe fresco, co peixe fresco. ¿E non queres ningún xarabe, nin bicarbonato, nin nada de botica?

—Nada. Dixo o médico de Silva que abonda cun ano de réxime.

E así foi que Pepe de Vence iba todos os días a un certo lugar da chousa de Bravos, e deixáballe alí unha cunca vella chea de leite e máis algo de carne ou de peixe ao corvo, quen o agardaba puntual.

—¡Eres un cristiano compasivo!, díxolle un día o corvo, que non parecía ir para diante, e aínda estaba cada día máis ensumido e máis fraque, e tamén perdera algo de vista.

—Si queres uns anteollos, non chos nego, ofreceuse Pepe de Vence.

—¡Esto válese, Pepiño! ¿Por que non me tras mañán unhas papas de arroz?

Ao día seguinte Pepe foi tarde a levarlle a parva ao corvo, que tivera un tratante de Meira na casa que viña a mercarlle dous xatos. Cando chegou á chousa, atopou a Estanislao morto, caído a carón da cunca do leite. Pepe cunha pedra cavoulle sepultura a Estanislao ao pe dun amieiro, e volveuse para a casa coa xerra chea de papas de arroz. Requentounas e papounas de merenda.

Pasaban os días, e Pepe de Vence botaba muito de menos ao corvo Estanislao. Procuraba achegarse a outros corvos que andaban picando nos sucos de sementeira, pro nono agardaban. Sentía non ter falado con Estanislao da familia. Ao millor quedáralle algún fillo a quen darlle o pésame, ou unha viuda. Tamén lle pesaba non terlle preguntado por que se chamaba Estanislao.



## Lomas do Pontigo

Sendo Xervasio Lomas neno, e estando no seu berce no primeiro piso do muiño paterno, veu un bullón de auga coma nunca se vira, houbo unha chea repentina, o canle non valeirou a presa, e a auga entrou na habitación na que durmía o mamoncete. O berce co crío saíu navegando pola fiestra. Lomas era daquela mui crío para lembrarse do suceso, pro de tanto escoitalo contarllo a seus pais, parecía que era el mesmo quen recordaba a inundación e maila viaxe no berce. E xa maior, Lomas amosaba ter unha grande curiosidade por todas as inundacións que houbera no mundo, e pola meirande delas, que foi o diluvio universal. Saíamos xuntos da escola, e sinalábame o monte Carracedo.

—¡E pensar que as augas cubriron o Carracedo!

O Carracedo, para un de Miranda, na diócesis de Mondoñedo, é como o Everest, e hai un dito que saben todos os de por alí:

*O Carracedo  
que a todos os montes pon medo,  
a non ser ao Montiral,  
que é seu igual.*

O caso é que naide de por alí, nin de outras partes, sabe onde cae o Montiral. Ao millor é que nono hai, ou que é un monte de novela ou romance antigo, de don Gaiferos rubindo ou de don Roldán baixando.

Na familia de Lomas houbera varios zurupetos e agrimensores aficionados, e quizaves por eso o Xervasio sostiña que o que un home puidese ter, para despois dun diluvio, era o de perito. Porque había que volver a medir todas as terras, fixar novamentes os lindeiros, e repoñer as servidumes de paso, que a lama cubrira os camiños.

Lomas contaba que lle ouvira ao crego de Bretoña que o raposo non subira á arca de Noé, e que non se sabía o que fixera para non morrer afogado. O Xervasio chamáballe ao raposo Rabiscollo. Soio lle escoitei a el este nome do golpe. Parece ser que para animalo a subir á arca, o propio Noé saía con paraugas, que xa comezaba a chover, ao balcón da arca, e berráballe ao golpe:

—¡Vente, amigo, que hai galiña dentro!

Pro o golpe decía que non, e comentáballe a Noé:

—¡Chéirame a can!

—Cando a arca entrou na marea, decíame Xervasio, quedaba o golpe derriba dunha pena, co rabo levantado.

Lomas vendo na “Historia Sagrada” viaxar a arca polas augas, decíame:

—¡Igual pasou por derriba da Habana!

Igual... Xa home, eu vin sempre a Xervasio cun cigarro apegado ao beizo de abaixo e outro tras a orella. Devecía por xogar á brisca entre seis, estrategia xenial, con mil tretas, cos ollos mui abertos, capando señas de amigos e contrarios, cabeza movediza. Estou seguro de que máis dunha vez preguntouse en que pasarían o tempo na arca de Noé o patriarca e mailos seus, si entón, como parece aínda non foran inventadas as cartas.

## Cosme de Paredes

Tamén era chamado o señor Cosmede. Era albeitar en doencias de porcino e vacuno. Algunha vez tiña atendido a un humán, ao que recetara zarzaparrilla, e unha copiña de anís tras as comidas, e si podía viaxar algo, que viaxase. Si o chamaban para que vise o que tiña unha cocha parideira, montábase nela, apretaba os xoellos contra os lombos, e ao apearse decía:

—¡Trinta e sete e medio!

Era a febre da cocha. O primeiro que facía cando chegaron a carón do animal doente, era mandar que o lavasen con xabón de aroma, pola súa conta. Mercara na Cruña un estetoscopio, e con el buscaba os soplos que tiña o porco ou a vaca. Acostumaba a tirar de lápiz de tinta, e despois de mollar con saliva súa a punta, escribía no lombo do animal a doencia que tiña este. O señor Cosmede chamáballe escribir a dibuxar a cara que tiña doencia. Si dibuxaba un cadrado, o animal estaba de últimas. Así que curaba unha vaca ou un porco, mandaba que o levasen ao río, a que mexase nel, xa que así se levaban as augas os restos da doencia. Contaba que eso facíase en Francia, onde había sanatorios para animais, e non soio para cans de luxo, senón que tamén para o porcino e o vacuno, e que lle contara unha auguista en Guitiriz, que estando ela en París, conocera a unha duquesa mui principal, que se bañaba en auga mineral cun can que tiña, branco e manchado de azul, que delambos padecían o mesmo prurito. Costáballe algún traballo que lle creran que o can tiña unha ducia de manchas azúes, redondas.

Cosme de Paredes foi cobrando fama, e para ir de Guitiriz á feira de Parga, ou de Parga á feira de Rábade, tomaba o tren. Contan que unha vez, viaxando a Rábade, no andén da estación de Baamonde estaba un cliente seu cun porco cebado, para que o señor Cosmede o vira dende a ventaniña. O intelixente amosou a cabeza fora, botoulle unha ollada ao porco, e recetou ao instante, botando o papel polo áer, que foi meterse debaixo do tren que saía pitando, e costou traballo atopar a receta. Cando a recolleron, o chefe da estación puido lerlle ao paisano: “Tiene mal aliento. Bicarbonato tres veces al día”. O porco curou, e a fama de Cosme de Paredes aumentou. Algún cliente xa lle chamaba don Cosme.

Un día, uns de Teixeira dubidaban si levar unha vaca ao señor Cosmede ou don Cosme, ou a outro

intelixente que había en Curtis. A vaca estaba na eira, mustia e babeando, cando de pronto ergueu a cabeza, e botou un trote largo cara á estrada, que ninguén coidaba que puidera facelo. Pois era que pasaba Cosme de Paredes na súa mula, camiño de Xuanceda. A vaca parouse diante del, e o señor Cosmede apeouse para atendela.

Este foi, quizaves, o momento máis glorioso da súa vida veterinaria.

## Balbina da Furcada

Os da Furcada eran fanegueiros, e Balbina unha rapaza mui fermosa dentro de ser morena, e mui pretendida polo mocerío da parroquia e aínda se dixo que tivera noivos forasteiros, cos que se escribía. Pro á hora de ir a bodas, a todos lles atopaba algunha chata. Foron pasando os anos, casáronse as irmáns súas máis pequenas, e ela seguía solteira. Engordara un pouco, pro aínda conservaba a viveza do mirar, a boca fresca con todos os dentes, e a pel limpa que non había outra. Vivía soia nunha casa pequena na beira do río, e tiña cada día convidado a algún sobriño. Pro muitas veces ao ano, iba pasar unha semán cunha irmá. Xa cumprira os corenta e cinco, pro os homes ao vela pasar coidaban que aínda merecía un tento, e que estaría mui sabrosa. E foi vindo da casa dunha irmá para a súa, cando pasou o que vou contar.

Cruzando pola chousa, veulle de repente un apreto do ventre, cunha door mui forte que iba e viña; tremaba como unha vara verde, e mareábase, que parecía bailar todo ao seu arredor, os amieiros e os carballos da chousa. Arrimouse como puido a un carballo, e iba a sentarse no chan, cando lle apremiou algo nas partes e dou un berro.

Balbina puxera un ovo. Un ovo de galiña propriamente, mui branco, máis redondo que ovalado. Descansou algo, pasáronlle as doores, envolveu o ovo no delantal e foise correndo para a súa casa. Meteu o ovo na arca, entre o centeo. ¿Como podía ser aquilo? ¿Sería cousa de meiguice? Fora o que fora, Balbina seguiu poñendo ovos. Puxo doce. Pasáralle o susto de cando puxo o primeiro, e ademais agora non lle doía a posta. E cáseque sin decatarse, ollaba para os ovos con tenrura, aloumiñábaos, e a algún bicouno. Aos poucos días de poñer o derradeiro, decatouse de que unha galiña que tiña, cincenta, recastada de castelán, andaba choca. Colleu os doce ovos e deitou á choca con eles. Aos vinte e un días, houbo pitos. Eran uns pitiños amarelos, agás un que era colorado vivo. A choca castelán era mui sosegada e criou mui ben a larada. Os pitos medraban, e como pasara un temporal de choivas, Balbina ceibaba a galiña e mailos pitos pola eira.

Pro unha noite, cando xa se metera na cama, veulle ao maxín que si dos ovos que ela puxera saíran pitos, era que ela fora galeada. ¿Por quen, cándo, onde? Non pegou ollo en toda a noite. Buscaba o estar

soía para seguir matinando no choio, e non ousaba comentar o caso con ninguén. ¡Mira que galeada sin decatarse! A verdade era que nunca pasara a maiores con home ningún, muito menos cun galo. Soio de pensar en que puidera haber tido un galo derriba, dáballe a risa.

De toda a larada non saíra nin unha soia galiña, que todos eran polos. Medraban, engordaban e estaban mui lucidos, e o roxiño era agora un galiño roxo, mui peleador.

Balbina decidiu probar co señor cura, e un domingo levoulle dous polos de regalo. Ao domingo seguinte, o cura díxolle a Balbina que nunca comera outros polos millores.

Balbina seguiu regalando, ás irmáns, a un parente xastre, ao muiñeiro, e ela mesma fixo unha empanada de polo, co polo roxo, para ir á romería de San Cristobo cos sobriños pequenos. A empanada estaba mui boa, pro á Balbina doulle non sei que de noxo e de medo, e púxoselle un escrúpulo, que ao fin e ao cabo os ovos de onde saíran os pitos puxéraos ela. Soio comeu pan, e deixoulles aos sobriños todas as talladas. O escrúpulo nona deixaba dormir. ¿Como se atrevera a matar os polos, a dalos de comer a outros? ¡Eran como fillos de seu! Choraba e dábase golpes de peito esta doña Medea da Furcada. E para máis, entrálle o devezo de poñer máis ovos, non soio por poñelos senón por estar atente a quen viñera a galeala. Un día, cando acababa de beber unha cunca de leite, sentiu algo raro na boca, e cuspiu: era unha pluma colorada, unha pluma de galo. ¡A ver si resultaba que tiña ao galeador dentro do corpo! Sentir non sentía nada de corpo, pro poñíasele unha como gracia na alma, e sin telo visto nunca, xa estaba como namorada do galeador. A Balbina, convencida de que tiña un galo no corpo, quería velo. Enchía a man de grans de trigo ou de maíz, e levábaa a entre as pernas, ou á altura da boca:

—¡Anda, meu roxiño, amigo, aquí tes a merenda!

Pro ao galo de dentro do corpo de Balbina non lle non apetecía nada, nin xiquer unha sopa de leite con azucre, nin unha leituga, nin fabas doces. Balbina cos desaires que lle facía o galeador, envellecía.

—¡Come, meu amigo!

E o amigo non comía nada, nin se amosaba.

Así pasou un ano. Unha mañán de maio Balbina arrimouse ao palleiro, sempre na man dereita uns grans de trigo, e adormeceu. Ao despertar mirou arredor, que se esquencera de onde estaba, e veu, mesmo a carón dos seus pes, un ovo. Era a posta dunha galiña voandeira, desas que non queren niño, e poñen onde lles cadra. ¡Un ovo branco, como os que puxera ela! ¿El nono poñería agora, quizaves non sentindo nada porque estaba dormida? Si, era un ovo dela, igoal aos que puxera noutrora. Colleuno con muito medo e muito amor.

—¡Meu filliño! ¡Meu caravel!

Bicaba no ovo, aloumiñábao, rozábao contra a meixela. Cantáballe:

*Miña nai, miña naiciña,  
como miña nai ningunha,  
que me quentaba a cariña  
co calorciño da súa...*

—¡Anda, decíalle ao ovo, que ha de vir teu pai a verte! ¡Miña cousiña linda!

Pro tanto levou Balbina o ovo aos beizos, ás meixelas, ao peito, que o rompeu. Era un ovo de casca lixeira, pro tamén as amosas de amor foran moitas. Rompeu o ovo e valeirouse polas mans e pola cara de Balbina.

E Balbina morreu alí mesmo, a carón do palleiro.

## Os do Capitán de Lousada

Ninguén sabía por que lles chamaban os do Capitán, que non había memoria de capitán militar na familia. Labregos estimados, leiras de folgado e rozas, e prados na valiña, que daban para seis vacas. Pro Eufemio Cortón tiña metido na cachola que si lles chamaban os do Capitán, era porque houbera de seguro un capitán na familia. Igual era artilleiro como el, que servira no 15 Lixeiro, en Pontevedra. Eufemio tiña a capitanía metida tan adentro, que si pasaba perto das galiñas, ou da facenda miuda que tiña, ou dos porcos, daba ordes:

—¡Media vuelta a la derecha!

Na casa, cando non andaba por alí a muller, a señora Ermitas, desfiaba polo corredor e cadrábase diante do retrato do pai. Todos os seus soños eran o estar mandando tropa, presentando armas, e disparando:

—¡Primera batería, fuego! ¡Ay, que fuego más lucido!

Unha vez que foi á Cruña, que se estaba quedando algo xordo, e el, entre si, botáballe a culpa ao ruído dos cañonazos das batallas imaxinarias nas que andaba, pasou pola rúa de San Andrés e veu unha tenda que tiña derriba da porta un letreiro: “SOMBRENERERÍA CIVIL E MILITAR”. E no escaparate, entre sombreiros do millor había varias gorras militares, e entre as gorras unha de capitán. Non tiña máis remedio que mercala. Xa convencería á señora Ermitas que lle deixese pasear con ela posta pola casa, e á noite, cando nono vise naide, saír co can a emplazar un cañón no pombal, na parte de arriba da horta. Entrou na tenda e díxolle ao dono que quería facerlle un regalo a un capitán amigo seu, e que delambos tiñan a cabeza da mesma redondez, e que si lle probaba unha e lle servía, que tamén lle serviría ao capitán.

—¡O millor que haxa en gorras de capitán de artillería!

Probou varias, e ao fin dou con unha que decía dentro, nunha cinta marela, “Super Luxe”. De verdade que lle acaía mui ben. Envolveulla o da tenda para regalo, e o Eufemio voltou coa gorra para a casa. Pro a señora Ermitas non lla deixou pór. Coa calma que gastaba díxolle ao home que por muito que

se escondera para usala, que íbase saber en toda a parroquia, e que tiñan un neno pequeno que iba á escola e que o había contar. Que ela tamén tivera desexos de mercar unha gorra de capitán, pro para ver si o neno, o Laureaniño, chegado o tempo, quería estudar para capitán. Que xa que fixera o gasto, que o millor era deixala na súa caixa, con naftalina. A señora Ermitas acariñou ao seu Eufemio como sabía, e este deuse por vencido, cantimáis que non tirara os cartos en balde e que o tempo pasa voando, e cando menos o pensaran xa tiñan a Laureano estudando para capitán.

—¡O que queiras!, díxolle á muller. ¡Pro polo menos esta noite déixame durmir contigo coa gorra posta!

A señora Ermitas, dentro do seu xenio, era mui agarimosa. Durmiron xuntos e mui apretadiños ela e mailo Eufemio, e ela estrenou un camisón bordado e o marido coa gorra posta. Nas semáns seguintes, o Eufemio dáballle paso ao fillo e algunhas veces tratábao de vostede, que a fin de contas iba ser capitán de verdade e dar razón do mote da casa. Todo iba do millor. O Laureaniño iba mui medrado, xa sabía a regra de tres, e polas medidas de cabeza que lle tomaba o pai, soio lle faltaban dous centímetros e medio para encher a gorra. E nestas estábamos, e vai o Laureano a pesca unha pulmonía e en cinco días foise. ¡Adeus, capitán!

Moito se doeron Eufemio e maila señora Ermitas. ¡Cántos soños non iban naquela caixa! Eufemio tivo un aparte coa muller, e díxolle a esta que era millor, sin que naide vise, meter a gorra na caixa, debaixo do corpo de Laureano. E así foi feito. Houbo muita xente no enterro, e pola noitiña, cando Eufemio e a señora Ermitas quedaron soios na casa, a nai que estivera mui serea todo o tempo, caladiña sentada perto da caixa na que parecía durmir aquela frol de nove anos, botouse a chorar e berraba seguido:

—¡Non pode ser! ¡Non pode ser!

O Eufemio abrazaba nela e dáballle bicos.

—¡Cala, miña Ermitas, cala! ¡Ao millor cando chegue ao ceo, xa están todos formados, presentando armas!

E tamén choraba.



## Reinaldo Novo

Si eu escribise de cazadores galegos con escopeta e can, un dos primeiros da nómina miña sería Reinaldo Novo, cazador de lontras. Curtía as peles e vendíallas a un tal Yáñez, de Lugo. Pro tendo lontra fresca, comía dela, asada, despois de tela un par de días adobada con allo, vinagre, pimentón e loureiro. E en tazas de barro gardaba a grasa da lontra, que era remedio contra o reuma, e aínda servía para fretar o peito dos catarrosos e máis dos tísicos. Reinaldo, ao tempo que cazador de lontras, era meteorólogo, e daba o tempo do ano polo sistema das sortes e resortes. A meirande alegría que podía dárselle a Reinaldo Novo, era levarlle o “Zaragozano” ou “O Gaiteiro de Lugo” para que el correxise o que atopaba trabucado nos dous repertorios. Por sete pesetas, Reinaldo, coa súa letra grande e gorda, onde don Mariano del Castillo poñía choivas arreo, el poñía días soleados. E cáseque sempre acertaba.

Un día, buscando suxeitar cunha forquiña de madeira unha lontra que caíra no cepo, resbalou e a lontra roeuno nunha perna. Nunca máis curou dos dentes da lontra. Andaba coa perna vendada, e secaba a ferida con polvos de regaliz. Era pequeno, ancho, pechado de barba, felino en movementos, e tiña o xesto de levar a man dereita ao entrecello cando miraba para ti cos seus pequenos ollos mouros. Alguén preguntoulle un día por que o facía, e dixo que o aprendera dos cazadores do Canadá, aos que vira nunha película no Ferrol.

Sabía muitas cousas do monte e dos seus habitantes. Tiña descuberto que o lobo sabe que o raio, no monte, busca un arbore. Así que si había tormenta, o lobo saía a descampado, e tumbábase no chan. Por eso si na serra da Corda, nas súas camiñatas de cazador atopara algún raposo ou un porco bravo mortos da fúlgura, nunca atopara un lobo, como el decía, “electrizado”. Contaba que un día de San Pedro, ás tres da tarde, camiñando a Montouto, veu un lobo tumbado a carón dunha roza de centeo. Reinaldo iba de bautizo e non levaba can. Tampouco levaba escopeta. O Reinaldo decatouse de que o lobo nin ollaba para el nin se movía. Chegou a pensar que estaría morto. Pro non, que estaba vivo. Fixera unha gran mañán de sol, pero agora, sin saber de onde viñeran, o ceo encheuse de nubes mouras, que nun repente comezaron a ceibar unha festa de chispas, seguidas de tronos espantosos, e deseguida comenzou a caír

pedra. O lobo fíxolle unha seña ao Reinaldo, e este tumbouse perto del, e deixouse estar, golpeado polo granizo deica pasou a tormenta. Volta a calma, o lobo ergueuse, sacudiuse a auga e foise. O Reinaldo tamén se ergueu, e despedíndose do lobo, fixo coa man dereita a seña dos cazadores do Canadá.

—Vostede, don Álvaro, creeráme ou non, pro o lobo, denantes de perderse na fraga, subiuse a unha pena, respondeume coa mesma seña, soio que el fíxoa coa man esquerda. ¿El parécelle que sería zurdo?

## Fabián Carballido

Cando andaba polos nove anos, levárono seus pais á feira ao San Froilán de Lugo. Na plaza de Santo Domingo paráronse diante dun vendedor ambulante de xogos de cama. O ambulante falaba en varias linguas diferentes, afirmando que si á súa clientela lle parecían caros os xogos de cama, que vendía sabáns e almofadas por kilos, e si había alguén necesitado, que regalaba todas as existencias. E que o mesmo faría cun vagón de panos brancos e de coor que tiña na estación, e que non quería que ninguén quedase sin sonarse os mocos, cun pano da millor fabricación catalana, ademirada nos mercados estranxeiros. E nesta dirixiuse a Fabián, que estaba na primeira fía, e dunha orella do rapaz tirou un pano branco e do nariz, unha noz, que envolveu no pano.

—¡Regalo para el joven por la atención prestada!

Durante todo o San Froilán, o Fabianciño non sacou a man do peto da chaqueta na que gardaba o pano coa noz. Nin para comer o pulpo. Xa na súa casa de Azúmara, amosou o pano e maila noz a seus irmáns e á aboa, contándolles como o pano viña da súa orella e a noz do seu nariz. A aboa miroulle ben as orellas, por si quedaba outro pano por alí, pro non quedaba.

Pola noite, metido na súa cama, Fabián abriu o pano e púxose a xogar coa noz. Fabián preguntábase si ter noces no nariz sería unha enfermidade ou non, e si aínda tiña máis noces dentro, como faría para sacalas daquel poleiro. E xa iba envolver de novo a noz no pano, cando aquela pegou un brinco e fóiselle ao nariz, buscando metérselle nel polo buraco esquerdo. Fabián nona deixaba entrar, apretando como podía o fuciño, pro a noz terque que terque, xiraba para abrirse camiño. Fabián asustouse e berrou. Chegaron os pais, a aboa, os irmáns. A noz parecía terse cansado de seguir na súa penetración no nariz de Fabián. A metade estaba dentro, e a outra metade fora.

—¡Hai que quebrala!, dixo o pai, pedindo que lle trouxesen a tenaza de sacar as chatolas das solas dos zocos.

—¡Non quero!, berraba Fabián chorando.

E foi entón cando Fabián escoitou que dentro do seu nariz falaba a noz. Dixo mui claramente:

—¿Non se pode, nesta familia, durmir dentro dun nariz?

Escoitado esto, Fabián convenceu a seus pais de que deixaran para o seguinte día o quebrado da noz. Fabián durmiuse, e á mañán, ao despertarse, xa non tiña a noz no nariz, que estaba quediña e calada derriba do pano, que Fabián deixara mui dobrado na mesiña de noite.

E dende entón, as cousas seguiron así: todas as noites, a noz saltaba ao nariz de Fabián, e metíase nel todo o que podía. Non volveu a falar. Pro cando chegaron por Santos os primeiros fríos, e viñeron semáns de xeadas, ao mencer a noz poñíase en movemento, turrando por meterse de todo na nariz de Fabián. Era que tiña frío, e quería estar ao abrigo de corpo enteiro. A noz puxaba e puxaba e ao Fabián doíalle o nariz, doíalle a cachola, doíalle a cara toda, e as moas. Non había máis remedio que quebrar a noz. A noz escoitaba todo o que se decía.

—¡Pra dar-me morte, pedide prestado un quebranoces!

Os de Carballido nunca ouviran falar de semellante máquina. Pro resultou que o señor cura tiña un. Prestouno, e quebraron a noz, que estaba valeira. Os de Carballido queimaron as cascas, por prevención. O pano, en troques, non lles deu nada que facer.

## María a Peneireira

Chamábanlle a Peneireira porque estivera casada con Manuel o Peneireiro, quen tiña o apodo por adicarse a facer peneiras e borteles, os millores que se poideran mercar en calquer feira. O propio Peneireiro loubábase decindo que millores que as súas peneiras non había máis que as do Peneireiro Compostelano, que según lle lera o médico Basanta na “Ilustración Gallega y Asturiana” era quen facía as peneiras que usaban as oureanas do Sil. Morto o home, María adicouse a facer relliña para respaldos e asentos de sillas, e dábase muita maña. Era mui curiosa de vidas alleas, e fíxose medio celestina e recadeira en casos de amores ocultos, e noutros que logo se descubriron e deron muito que falar. Andaba todas as casas da vila, e tíñaselle algo de medo porque se sospeitaba que estaba ao tanto de muitas cousas caladas. Cando eu a conocín andaba polos setenta, e era unha velliña mui erguida, mui peinado tirante o pelo branco, a cara toda chea de enrugas, pro os ollos negros mui despertos. Por aquel entón, unha veciña contoume que fora á casa da Peneireira a levarlle unha silla para que lle puxera relliña nova, e que delambas puxéranse de contos. A visitante lembrouse de que quedara citada co home ás seis nunha tenda, para mercarlle un pantalón, e a Peneireira ergueuse, foi á cómoda, abriu o caixón do medio e sacou un espello de man. Botou nel o alento e limpou co cóbado, e despois mirou:

—¡Chegas a tempo, que o teu home aínda está na revancha da partida!

E volveu gardar o espello. Por muitos outros casos semellantes, correuse pola vila que a Peneireira tiña un espello no que vía todo o que facían as xentes, aínda que estiveran pechadas no máis escusado das súas casas. Decíase tamén que había mulleres que pedían os seus servicios, ciумosas dos seus homes. Un que tratou muito á Peneireira decíame que esta facía trampa, non decindo da misa a media do que vía no espello. Eso si, iba ver ao marido dunha desas mulleres ciумosas, e decíalle que consultara co espello, e o que vira nel, e que non llo contara á muller, e que por non delatalo que ben lle podía dar cinco pesos. Por si acaso, o marido aquel, que tiña os seus apaños, pagaba os cinco pesos, e aínda quedaba agradecido. Outras veces a Peneireira decía que estaba mirando no espello que pasaba un pouco lonxe, e soio vía sombras nunha néboa. Presumía de non meter guerra nas familias, anque eso si, xa se ve que

cobraba a paz.

Un sábado a mediodía apareceu a Paneireira na funeraria que había na vila, que era de un borrachín que lle chamaban Lourenzo, encarregou unha caixa para ela, e quería que fose de postín, con asas de bronce e forrada do millor que tivese Lourenzo, e que lle tivesen a caixa para o lus seguinte, ás once da mañán. Pagou anticipado. E díxolle ao Lourenzo, con quen tomou unha copiña de xinebra, que o espello seu anunciáralle a morte para tal día e tal hora. Mandou chamar a unha sobriña que tiña servindo na casa do deán, a cal quedou co encárrago de que cando se finase a tía, puxese nas fiestras a bandeira española cuns crespóns negros, tal como os deixaba xa preparados a Peneireira, que habían de estar así as colgaduras deica non rematase o enterro. O que non se atopou na cómoda foi o famoso espello. A sobriña choraba, laiándose de non atopalo, que co espello coidaba ter asegurada a vida.

Aínda hoxe na miña vila, cando un descubre a outro un segredo, este derradeiro comenta:

—¡Seica cho dixo o espello da Peneireira!

## O partiquino Ramírez

Xosé Ramírez, da casa do Ventoso, en Regueiras, pasara uns doce anos en Buenos Aires sin escribir nin unha liña á familia. Apareceu na súa aldea un día de San Antonio, con un mundo e dúas maletas, e dixo que viña pasar cos seus un verán de descanso. Os seus tíos abrazárono, que o querían muito, que era o único sobriño carnal que tiñan. Os mesmos primos o recibiran mui ben, que sabían que o Xosé non se quedaría en Regueiras de labrego, e que o estar de verán non lles quitaba nin medio ferrado de prado. Preguntado por toda a familia, sentada arredor del no comedor, que fixera en Buenos Aires, dixo que muitas cousas, dende ferrador de cabalos a partiquino no teatro, que era no que traballaba derradeiramente.

—¿El que é eso de partiquino?, preguntou a señora Felisa.

—Pois eu estou na función e chega visita, e eu abro a porta, recóllolle o paraugas ao doutor e ofrézolle unha silla. Outras veces sirvo un refresco ou entrego unha carta nunha bandexa de prata, ou saio correndo decindo que hai un incendio. Nunha función na que a xente estaba revolta, o escenario era unha plaza de Córdoba, e un, que estaba na terceira fía, saía á primeira, coa camisa rachada, manchada de tinta roxa que semellaba sangue, e berraba:

—¡O libertad o muerte!

Era contra o tirano Rosas. O Xosé tiña que berrar dúas veces. Entón, escoitábanse uns tiros.

—Pro non me daban, e caía o pano. O director Cavalcanti viña a onde estabamos os revoltos, e decíame: “¡Enhorabuena, partiquino Ramírez!”.

Pois á tía non lle gustou muito a cousa.

—¿Non pensache, decíalle ao Xosé, que puideran verte os de Alvite ou os da Meirega, coa camisa rachada? ¡Dirían que andabas tirado por alá, ou que estabas bébedo!

Ao día seguinte, a señora Felisa preguntoulle a Xosé cantas camisas trouguera para pasar o verán e este díxolle que unha ducia e media.

—Pois tes que mudar de camisa cada día, e eu hei de lavalas unha por unha, e tendelas a rentes do

camiño, de xeito que si escriben os de Alvite ou os da Meirega decindo que te viran cunha camisa rachada, todos os de Regueira poidan probar que mudabas de camisa a diario.

Cando non estaba presente a tía Felisa, Xosé contaba outras cousas do seu traballo de partiquino.

—Unha vez caíu no leito coa gripe a metade do elenco, e tiveron eu que facer dous papeis cáseque a un tempo. Un vestido de muller, cunha peluca roiba e falda pola sufraxe. Eu era a encargada dunha casa de nenas, e chamaba á porta un home rico, que quería faguerse unha fotografía coas pupilas. Eu entreabría a porta, para que o público non se decatase de que non era muller. Adiantaba a cabeza e maila perna esquerda, con media negra con liga roxa, e decíalle ao facendado que a foto do grupo costaba cinco pesos. Mui arrogante, tiraba dez pesos en prata ao chan. Entón saían as tanguistas, que se puñan a bailar e cantar arredor del:

*Somos las niñas del veintiocho  
que nos bañamos en champán...*

—Brincaban con el, facíanlle dar voltas, sin deixarse nunca apretar, e soio vestidas cunha braguiña e un pano branco e celeste tapándolles as tetas. Tras muito baile e canto, o galán caía de xoennos e elas poñíanse derriba del, imitando un grupo escultórico. Entón, eu xa tivera tempo de tirar coa peluca, e vestir un maldilón e gorra visera, e saía a facer de fotógrafo, con disparo de magnesio. Xosé tiña que explicar o magnesio a veciños e parentes e outras novidades do teatro porteño.

—Había un tenor que nunca quixo cantar “El abuelo perdido” deica non soupese ben como se morre de anxina de peito. Quería saber si se cae de fuciños ou de lado, ou para atrás. Andaba polas rúas de Buenos Aires a ver si por casualidade lle tocaba ver unha desas mortes repentinas, e consultaba con médicos. Por dous minutos non viu morrer nun café de familia a un escribinte da Casa Rosada, pro os que estaban con el, ao saber que era o tenor Guidice, detalláronlle a morte. E mirade por canto, na función de “El abuelo perdido” na romanza do acto III, escena II, cando tiña que finxir que caía morto coa ditosa anxina, ao chegar ao “do” de peito, estoupoulle o corazón e caía redondo. ¡Caíu de lado! O xornal “La Prensa” publicou unha necroloxía tíduada “Trágica coincidencia”. En todos os teatros de Buenos Aires gardouse un minuto de silencio en memoria do tenor Guidice. No noso, falou o director Cavalcanti, subido a unha silla.

—¿Onde remata a vida? ¿Onde comeza o teatro? ¡Esta é a cuestión, que dixo o sublime poeta inglés!

—E eu, seguía Xosé, que tiña a man o aparato do magnesio, non me puideron conter e disparei con sobrecarga. ¡Nunca se vira outro fogonazo no teatro! O director Cavalcanti baixouse da silla e veu dar-me a man.

—Pese ao despilfarro do magnesio, que é alemán de importancia, noraboa, Ramírez. ¡Foi un golpe de efecto verdadeiramente teatral!

Xosé tivo que prometer que para o próximo verán que tragaría o aparato do magnesio. Pro pasaron varios veráns, e Xosé do Ventoso, Xosé Ramírez, o partiquino Ramírez, non voltou. Voltaron, en troques, uns dos Alvite, quenes contaron que xa non estaba no teatro, senón cunha xudea que tiña un negocio de aluguer de roupas de gala para bodas, sepelios e banquetes do partido radical. Ela era gorda e mui risoña, e sempre decía ao cliente que aquel completo raiado fora de Hipólito Irigoyen.

—Xosé está ben mantido, ben bebido, vestido e calzado do millor. A xudea os sábados pecha a tenda, e van os dous pasear polo parque de Palermo. O peor do emprego de Xosé é que para deitarse coa xudea, non pode catar nin freba de carne de porco.

—¿Nin un taco de xamón?, preguntaba a su tía Felisa.

—¡Nin cheiralo! ¡A xudea parece que é mui escrupulosa co seu Xehová!



# Table of Contents

[Os outros feirantes](#)

[Limiar](#)

[O cabalo de Alberte Merlo](#)

[O enano das burlas](#)

[O verdugo na Cañiza](#)

[Xosé Liñeiras](#)

[Marcelino Pardo](#)

[A tía Remedios](#)

[Unha siria en Ribadeo](#)

[Louro de Parentes](#)

[Amadeo de Sabres](#)

[Penedo de Silvosa](#)

[Freire de Rego](#)

[Piñeiro e as fontes](#)

[A Voadora de Serantes](#)

[A orella dereita de Antón de Leivas](#)

[Lamego de Mouriz](#)

[Fulxencio Parada](#)

[Hermelina da Ponte](#)

[Felpeto, mariñeiro e músico](#)

[Rosa Martiño](#)

[Ramiro da Barca](#)

[Fuco de Pedrosa](#)

[Félix Lourido](#)

[Peleteiro da Bouza](#)

[Aurelio e maila xitana](#)

[Manuel Suárez](#)

[Roque das Goás](#)

[Marcelino Salgueiro](#)

[Lisardo Montes](#)

[Braulio Costas](#)

[Pedro Bravo](#)

[Novagildo Andión](#)

[Anxeliña de Prado](#)

[O loro das Esmelgas](#)

[Paulino de Botas](#)

[Bastián de Cornide](#)

[Tristán García](#)

[Don Felicio escribe dende o outro mundo](#)

[Padín de Carracedo](#)

[Xosé Regueira](#)

[Pechado por defunción](#)

[O corvo Estanislao](#)

[Lomas do Pontigo](#)

[Cosme de Paredes](#)

[Balbina da Furcada](#)

[Os do Capitán de Lousada](#)

[Reinaldo Novo](#)

[Fabián Carballido](#)

[María a Peneireira](#)

[O partiquino Ramírez](#)